



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 3 DE FEBREIRO DE 2014	
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:
D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIÓNS
DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

D. MANUEL OTERO ESPINO
Concelleiro

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de febreiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 23 DE DECEMBRO DE 2013.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE XANEIRO DE 2014.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 29-01-2014, RELATIVO A DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO EN TRASCESTO - SANTA CRISTINA DE VEA, PARA A SÚA POSTERIOR COMPRA-VENDA COMO PARCELA SOBRANTE, INTERESADA POR DNA. SONIA NOVIO CASTRO E D. JOSÉ ANTONIO VILARIÑO SANTOS.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 29-01-2014, RELATIVO A DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN COMUNAL RADICADO EN CASTRO RAMIRO - A SOMOZA, REALIZADO EN DATA 23-03-2013.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES DE DATA 30-01-2014, RELATIVO Á PROPOSTA DE ESCUDO E BANDEIRA MUNICIPAIS.

6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES DE DATA 30-01-2014, RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A DECLARACIÓN DO 24 DE FEBREIRO COMO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO, E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A PROMOCIÓN E COÑECEMENTO DA SÚA OBRA E DO SEU COMPROMISO VITAL.

7º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 10-01-2014, RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DESESTIMAR E NON LEVAR A EFECTO A PROPOSTA DE REFORMA DA LEI DE DEMARCACIÓN E PLANTA XUDICIAL FEITA PÚBLICA NA PÁXINA WEB DO MINISTERIO DE XUSTIZA.

8º.- DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL DE DATA 24-01-2014, RELATIVO ÁS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP E DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN CO ANTEPROXECTO DE LEI SOBRE A SAÚDE SEXUAL E REPRODUCTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO.

9º.- DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL DE DATA 24-01-2014, RELATIVO Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O SERVIZO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENTES.

10º.- DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL DE DATA 24-01-2014, RELATIVO Á PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AO POBO SAHARAUI

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE DECEMBRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 23 DE DECEMBRO DE 2013.

Sr. Alcalde.- Boas noites, benvidos á sesión ordinaria do Pleno que correspondente ao mes de febreiro do ano 2014. A Orde do Día do Pleno é a seguinte: na primeira parte que é a parte resolutoria o primeiro punto é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o día 23 de decembro de 2013.

¿Non sei se hai algunha alegación á acta?. Pois non habendo alegacións procédese a aprobar por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 23 de decembro de 2013.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE XANEIRO DE 2014.

Sr. Alcalde.- O punto número 2 é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 2 de xaneiro de 2014. Pois si non hai ningunha alegación aprobamos tamén por unanimidade a acta do mes de xaneiro.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 2 de xaneiro de 2014.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 29-01-2014, RELATIVO A DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO EN TRASCESTO - SANTA CRISTINA DE VEA, PARA A SÚA POSTERIOR COMPRA-VENDA COMO PARCELA SOBRANTE, INTERESADA POR DNA. SONIA NOVIO CASTRO E D. JOSÉ ANTONIO VILARIÑO SANTOS.

Sr. Alcalde.- O punto número 3 é ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente de data 29 de xaneiro de 2014, relativo á desafectación de camiño público radicado en Tracesto-Santa Cristina de Vea para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante, interesada por dona Sonia Novio Castro e don José Antonio Vilariño Santos. Ten a palabra o Concelleiro de...do Rural.

Sr. Juan Manuel Constenla Carbón do PP.- Boas noites, tal como se ditaminou...ditaminou en... na Comisión de Rural celebrada na semana pasada, procédese a... presentáronse os informes para a desafectación dun camiño que está en desuso para a súa posterior venda para... por parte do Concello hacia Sonia Novio Castro e José Antonio Vilariño Santos.

Sr. Alcalde.- Moi ben, como procedemento de cara á desafectación definitiva ¿non sei se hai algunha cuestión a este aspecto?. Pois procedemos polo tanto a votar o ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente relativo ao deslinde administrativo de ben comunal radicado en Castro... perdón en Santa Cristina de Vea. ¿votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta asinada en data 26.12.13, por parte do Concellerío Delegado de Medio Rural, relativa á desafectación de camiño público no lugar de Tracesto, Santa Cristina de Vea.

Vista a solicitude de desafectación de camiño público (141,00 m²) radicado entre as fincas rexistradas números 34.769, 34.770, 85.361 e 85.357, radicadas en Tracesto, Santa Cristina de Vea, para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante, co obxecto de agregala ás fincas rexistradas colindantes números 34.770 (96,00 m²) e 34.769 (45,00 m²), interesada por Dna. Sonia Novio Castro e D. José Antonio Vilariño Santos.

Visto que as persoas interesadas:

- Aceptan o prezo sinalado no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal (564,00 euros).
- Comprométense a aportar no Concello (unha vez lle sexa alleada a finca), inscrición rexistral acreditativa de ter agrupada a parcela cuxo alleamento solicitan coas lindeiras das que son propietarios.

Visto que o ben en cuestión é dominio público, polo que primeiramente ao alleamento a un lindeiro é precisa a súa desafectación e máis a súa declaración como parcela sobrante.

Vistos os Informes do Enxeñeiro técnico municipal, de datas 10.05.13, 23.10.13 e 02.12.13.

Visto o Informe do Técnico de Administración Xeral, do 05.12.13.

Visto o Informe da Secretaria en funcións, de data 26.12.13.

Visto o informe de fiscalización da Sra. Interventora, de data 16.01.14.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente en sesión do 29-01-2014.

ACORDAMOS:

1º.- Aprobar expediente para:

a) Desafectar a parcela que se describe a continuación, que non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade:

Camiño público (141,00 m²) radicado entre as fincas rexistradas números 34.769, 34.770, 85.361 e 85.357, radicadas en Tracesto, Santa Cristina de Veá

b) Declarar expresamente parcela sobrante a mencionada parcela.

c) A recepción formal da mencionada parcela como ben patrimonial ou de propio do Concello.

2º.- Publíquese anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo dun mes.

3º.- Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE DE DATA 29-01-2014, RELATIVO A DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN COMUNAL RADICADO EN CASTRO RAMIRO - A SOMOZA, REALIZADO EN DATA 23-03-2013.

Sr. Alcalde.- O punto número 4 tamén é o ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente de data 29 de xaneiro relativo ao deslinde administrativo de ben comunal radicado en Castro Ramiro-Somoza realizado en data 23-03-2013. Ten a palabra o Concelleiro do Rural.

Sr. Juan Manuel Constenla Carbón do PP.- O ditame da Comisión celebrada o 29 de... de xaneiro deste ano pois era para deslinde, para a execución dunha sentenza xudicial para o deslinde dun camiño en Castro Ramiro - A Somoza para a súa posterior definición do dominio público entre dúas propiedades privadas.

Sr. Alcalde.-Moi ben, ¿algunha cuestión en relación a este tema? Pois se non hai ningunha cuestión procedemos á súa votación, ¿votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor?. Apróbase tamén o ditame da Comisión Informativa de Rural relativo ao deslinde do ben comunal radicado en Castro Ramiro - A Somoza.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta asinada en data 21.01.14, por parte do Concelleiro Delegado de Medio Rural, relativa á aprobación do deslinde administrativo de ben comunal radicado en Castro Ramiro- A Somoza, realizado en data 23.05.13.

Visto que, en data 26.05.06 (R.E. 5.484), Dna. Nélica Concepción Sánchez Calviño denunciou a aparente invasión/apropiación (realización de obras de escavación, pechado, ...) dun camiño comunal en Castro Ramiro-A Somoza, por parte de D. José Antelo Antelo e Dna. M^a Josefa Sanmartín Oreiro; solicitando o exercicio municipal das correspondentes accións defensora e recuperatoria do amentado ben.

Visto que, o día 16.08.06, o Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) informou sobre as obras que os denunciados estaban a facer (construción de escaleiras e rebaixe dun anaco de terreo), cualificando estes feitos construtivos

como ilegais, por canto carentes de licenza urbanística previa. Igualmente, propoñía a retirada do muro de formigón que impedía o acceso ao antigo camiño.

Visto que, en data 28.08.06, a Xunta de Goberno Local incoou procedementos repositório da legalidade urbanística e administrativo-sancionador contra os denunciados, baixo a responsabilidade instrutora do entón Concelleiro Delegado de Urbanismo (Sr. Reboredo Baños), quen cualificou a infracción urbanística como leve en data 05.10.06, entre outros extremos.

Visto que, o día 05.10.06, por Resolución da Alcaldía nº 1332/ 2006, e en base ao informe pericial municipal reseñado, exercitouse urxente acción de recuperación demanial sobre o indicado camiño comunal, ordenando a desocupación no prazo de 10 días ao tempo que outorgando trámite de audiencia aos denunciados. Consta informe da Policía Local de data 26.10.06 (R.E. 11655) acreditativo da non retirada do muro de formigón.

Visto que, en igual data, pero por Resolución da Alcaldía nº 1333/2006, ordenouse aos denunciados a execución dun muro de contención protector da vivenda da denunciante, do que a súa estabilidade e resistencia estaban supostamente comprometidas por mor das obras que realizaban os denunciados. Consta informe da Policía Local de data 26.10.06 (R.E. 11720) acreditativo da inexecución do muro de contención.

Visto que, o día 25.10.06 (R.E. 11575), os denunciados alegaron á Resolución da Alcaldía nº 1333/2006, negando o alcance dos feitos (obras en realización) nos termos especificamente informados polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal; e, propoñendo práctica probatoria documental e pericial técnica.

Visto que, en igual data (R.E. 11576), os denunciados alegaron á Resolución da Alcaldía nº 1332/2006, non recoñecendo a demanialidade do ben en cuestión; e, propoñendo práctica probatoria documental e pericial técnica.

Visto que, o día 31.10.06 (R.E. 11864), os denunciados alegaron á Resolución do Sr. Instrutor dos procedementos repositório da legalidade urbanística e administrativo-sancionador.

Visto que, en datas 27.11.06 e 22.02.07, previos requirimentos respectivos do Sr. Instrutor, a entón Arquitecta Técnica contratada (Sra. Pazos Bernárdez) e o Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde), salientaron a imposibilidade de informar sobre o solicitado polos denunciados alegantes, por mor da inexistencia de medios técnicos municipais, aconsellando ambos os dous externalizar o dito cometido.

Visto que, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 10.08.09, acordou cambiar o órgano instrutor, de sorte que a partires daquela asumiu a dita responsabilidade a nova Concelleira Delegada de Urbanismo (Sra. Aguiar Lale).

Visto que, o mesmo órgano colexiado municipal, na súa sesión de data 26.10.09, acordou contratar á mercantil Ceres Oficina Técnica Agrícola, S.L. para a realización do traballo técnico reclamado polos denunciados, que a Oficina Técnica Municipal non podía levar a cabo, por indispoñibilidade material.

Visto que, en data 11.08.10 (R.E. 9767) o Enxeñeiro T. Agrícola, D. José Constenla Pego (en nome e representación da sociedade contratista sinalada), presentou o seu informe pericial (datado o 09.08.10, visado nº 20100905), concluindo á vista dos antecedentes e documentos obrantes no expediente, e de acordo coas súas pertinentes observacións e indagacións:

- que, o terreo existente entre as respectivas edificacións das partes denunciante e denunciada, é baldío ou comunal (de ancho similar á dita separación).

- que, parte das escaleiras e o terreo escavado radican nese terreo comunal.
- que, relativo ao posible perigo xerado na casa da denunciante polas obras realizadas polos denunciados, precisárase un estudo xeotécnico para, a teor do mesmo, proxectar un muro de contención (no seu caso).
- que, o muro situado ao leste da casa dos denunciados interrompe o acceso ao terreo veciñal e impide o seu uso público.
- que, un enxeñeiro t. agrícola é competente para deseñar calquera muro de contención de terreo, e para informar sobre a resistencia do mesmo, con independencia de factores como a súa tipoloxía, cargas, etc.; e, con independencia de que na súa parte superior exista unha vivenda.

Visto que, o día 20.07.11, o Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (persoal funcionario) ratificou (conformou) a metodoloxía e conclusións do informe pericial contratado polo Concello.

Visto que, en data 20.03.12, emitiu informe o Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao), salientando:

- que, as obras de acondicionamento de terreos teñen carácter maior.
- que, o peche non respecta o recúe mínimo de 4,00 m.l. do eixo da vía pública á que dá fronte.
- que, o movemento de terras realizado ten a condición de prohibido ao alterar a topografía natural do terreo rústico.
- que, o terreo comunal ocupado superficie 54,00 m².
- que, procede a recuperación do uso público do terreo comunal indicado, con fundamento na investigación pericial contratada e conformada por parte do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal.
- que, con carácter previo, procede artellar un deslinde administrativo do terreo municipal e do privado (inmóbles colindantes).
- que, no seu caso, o custe dunha eventual execución subsidiaria ascendería a 24.280,81 €, sendo o prazo de execución estimado en 2 meses; todo isto, en sede dun proxecto técnico (ao tratarse de obra maior).
- que, cómpre a adopción de medidas cautelares varias.
- que, todos os indicios apuntan a obras realizadas sobre terreo comunal, sen licenza urbanística previa nin autorización demanial, polo que procede a recuperación, previo deslinde.

Visto o informe xurídico emitido en data 14.06.12 polo do T.A.X. do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o derradeiro informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao) en data 29.06.12, complementario do de 20.03.12 (desglosa o orzamento do deslinde administrativo).

Visto, en definitiva e relativo á presunta invasión demanial denunciada, que o traballo de investigación pericial contratado, e asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, Sr. Constenla Pego (conformado polo funcionario -Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal, Sr. Brea Villaverde, e non discutido a este respecto por parte do Arquitecto Municipal -Sr. Sanmartín Chao-), conclúe a existencia na radicación indicada, dun camiño comunal indebidamente invadido (54,00 m²) por particulares varios (con obras; e pechado), do que a súa desocupación sería precisa para garantir a dispoñibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto que, conseguintemente, ese traballo técnico avala o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben comunal aparente e indebidamente invadido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/ autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3 C. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xudiciais que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2.003, do 3 de Novembro, e concordantes do RBCCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais; tendo isto por obxecto, non só a protección stricto sensu da titularidade pública de forma inmediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio,

Visto que, sen prexuízo da acción recuperatoria da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesario a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimetralmente os contornos dos inmobles da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido iuris tantum e determinado por unha titularidade preexistente, aínda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmovible. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimetralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Vista a Memoria do deslinde elaborada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola contratado, Sr. Constenla Pego (conformada polo funcionario- Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal, Sr. Brea Villaverde); así como o Orzamento de gastos (material e persoal), elaborado polo Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao).

Visto o acordo do Concello Pleno de data 13.12.12 (previo ditame da Comisión Municipal Informativa de Rural e Medio Ambiente do 22.11.12), do que a súa parte dispositiva figura co seguinte teor:

... "1º.- A aprobación, de oficio, do exercizo contraditorio dunha acción de deslinde administrativo do camiño comunal radicado en A Somoza (Castro Ramiro), concretamente, entre as edificacións sitas na finca catastral nº 36017A154000020000RT (parcela 2, polígono 154) e na nº 36017A154000030000RF (parcela 3, polígono 154); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

2º.- Conseguintemente, iniciar o procedemento de deslinde administrativo..

3º.- Publicar o anuncio do deslinde no B.O.P., web municipal e taboleiro, fixando a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 23.05.13, a partir das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal No indicado anuncio especificarase que dende o día número 1 ao día número 40 a contares dende a publicación do anuncio no B.O.P., os colindantes e demais interesados lexítimos poderán presentar os documentos que estimen oportunos

na defensa dos seus dereitos e intereses (non se admitirán de presentarse extemporaneamente).

4º.- Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes (Dna. Nélida Concepción Sánchez Calviño; e, D. José Antelo Antelo e Dna. Mª Josefa Sanmartín Oreiro), para coñecemento e efectos.

5º.- Asumir con cargo ao Orzamento municipal os gastos do deslinde administrativo (408,82 €).

6º.- Comunicar o acordo plenario de inicio do deslinde ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada para que tome razón mediante a práctica de nota marxinal das inscricións dominicais, e para os demais efectos preceptivos.”....

Visto o anuncio do deslinde publicado no Faro de Vigo (14.01.13), na Voz de Galicia (11.01.13), no Taboleiro Municipal, e no B.O.P. nº 17/2013, do 24 de xaneiro.

Visto o informe do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal de data 05.02.13.

Visto o certificado municipal relativo ao trámite de información pública, asinado pola Secretaría en funcións, en data 15.03.13.

Vista a alegación formulada por Dna. Josefa Sanmartín Oreiro en data 25.04.13 (R.E .nº 4727/2013, do 29 de abril), complementada polo seu escrito do 26.04.13 (R.E. nº 4862/2013, do 2 de maio), obxecto de informes técnicos por parte do Arquitecto Municipal, Sr. Sanmartín Chao (do 08.05.13) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (de data 20.05.13).

Vista a Acta do deslinde realizado o día 23.05.13, así como os anudados informes técnicos xustificativos do realizado: do Arquitecto Municipal, Sr. Sanmartín Chao (de data 10.07.13) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (de data 20.09.13).

Vista a posta de manifesto do expediente do deslinde ás partes afectadas/interesadas, en data 23.10.13 (números de Rex Saída: 6.856, 6.857 e 7.200).

Vista a alegación presentada por Dna. Josefa Sanmartín Oreiro, en data 22.11.13 (R.E.. nº 13415/2013, do 27 de novembro).

Vistos os informes desfavorables ao alegado pola Sra. Sanmartín Oreiro, asinados en datas 20.12.13 e 16.01.14 por parte do Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde).

Vistos, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril; art. 50.17 R.O.F.).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente en sesión do 29-01-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Desestimar a alegación referida ao deslinde realizado, formulada por Dna. Josefa Sanmartín Oreiro en data 22.11.13 (R.E. nº 13415/2013, do 27 de novembro), en base aos informes asinados en datas 20.12.13 e 16.01.14 por parte do Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal

(Sr. Brea Villaverde), do que a súa copia selada lle será facilitada, para coñecemento e efectos.

Segundo.- Aprobar o deslinde administrativo realizado polos técnicos municipais (Sres. Sanmartín Chao e Brea Villaverde) en data 23.05.13, do camiño comunal radicado en A Somoza (Castro Ramiro), concretamente, entre as edificacións sitas na finca catastral nº 36017A154000020000RT (parcela 2, polígono 154) e na nº 36017A154000030000RF (parcela 3, polígono 154); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

Terceiro.- Notificar este Acordo, individual e nominalmente, para coñecemento e efectos, aos propietarios colindantes:

–Dna. Nélica Concepción Sánchez Calviño, con enderezo na rúa Ángeles Rodríguez González nº 39, O Castiñeiriño – 15702 Santiago de Compostela

–Dna. Josefa Sanmartín Oreiro e D. José Antelo Antelo, con enderezo na rúa Galicia nº 14, 1º esquerda – 15841 Santa Comba.

Cuarto.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada (con enderezo na rúa Antón Losada Diéguez – A Estrada) para que tome razón mediante a práctica de nota marxinal das inscricións dominicais, e para os demais efectos preceptivos, acompañándolle copia selada da Acta do deslinde realizado o día 23.05.13, así como dos anudados informes técnicos xustificativos do realizado: do Arquitecto Municipal, Sr. Sanmartín Chao (de data 10.07.13) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal, Sr. Brea Villaverde (de data 20.09.13).

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES DE DATA 30-01-2014, RELATIVO Á PROPOSTA DE ESCUDO E BANDEIRA MUNICIPAIS.

Sr. Alcalde.- Punto número 5, ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes de data 30 de xaneiro relativo á proposta de escudo e bandeira municipal. Ten a palabra o Concelleiro de Cultura don Juan Constenla.

Sr. Juan Manuel Constenla Carbón do PP.- Tal como se expuxo na Comisión celebrada o 30 de xaneiro do presente ano, achegouse á Comisión a descrición do novo escudo que se levou... elaborou según os parámetros indicados pola Heráldica... a Comisión Heráldica de Galicia no que recolle todas as indicacións e todos os... os significados... as insignias que a Comisión de expertos reunida co Director Xeral da Comisión de Heráldica puxeron... puxeron en... sobre o escudo, o novo escudo que se pretende aprobar no pleno de hoxe. A definición do escudo que se... que se presenta a este pleno defínese da seguinte forma: de sinople e sobre ondas de prata unha ponte de...de 5 ollos de ouro, surmontado dunha torre oca amén de ouro e nos flancos dúas veneras de prata surmontadas á súa vez de sendas estrelas de ouro e timbre e coroa real cerrada. Neste escudo recóllese tanto o Camiño de Santiago coas veneras, as estrelas, os ríos e a ponte, sobre todo a torre, algo significativo do noso concello. Por outro lado a bandeira seguiría estando como estábamos utilizando ata agora, a excepción de que apareza o blasón no...na franxa branca que presenta a nosa bandeira.

Sr. Alcalde.- Moi ben, ¿algunha intevención? Ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, en efecto como se fai público i como se nos comunicou na Comisión de Información, existe esta nova proposta que da lugar a unha situación curiosa no Concello da Estrada, pois agora conviven tres chamados escudos, aínda que legalmente pois non esté considerado ningún como...como tal. Se ben é certo que nestes momentos é preceptivo facer unha aprobación do escudo ou unha legalización do mesmo posto que a Lei do 2010 así nolo esixe, entendemos todos que, dende logo, non é das maiores preocupacións para os veciños pero si, dende logo, é algo, un símbolo moi identificativo do noso concello a maioría dos veciños nos sentimos identificados i coñecemos i recoñecemos o escudo que se ven empregando, non obstante como dicía é preceptivo cumprir a Lei. Esta situación na que partimos, como dicía, coa consistencia de tres modelos distintos posto que despois do pleno de 2011, de febreiro de 2011, perdón marzo de 2011, se tiña aprobado unha versión que se enviou á Xunta i que posteriormente pois se fai correxir outra vez, cremos que se debe dar para adiante este trámite, avanzalo, posto que esta aprobación que hoxe se fai aquí é outra vez inicial despois de ter recibido unha alegación á versión anterior i ter feito unha... tres propostas novas a Comisión de Heráldica, vamos a apoiar dita versión porque, como dicíamos, é preceptivo para poder darlle trámite e legalidade, continuar i facer unha exposición ao público onde agora si novamente os veciños e as veciñas teñan ocasión de alegar, a pesares de que a Comisión de Heráldica, como digo, nos di que deben de ser estes os símbolos que se recollen no mesmo, a pesares de que se mantén sen esencia a maioría do... dos símbolos que aí se recollían. Como dicimos, debe de ser o pobo da Estrada, os veciños e veciñas da Estrada, os que teñan ocasión de valorar i, por tanto, poidan alegar i coñecer esta proposta que se fai agora, despois de ter pasado pola Comisión de Heráldica local.

Por iso, como dicía, imos a apoiar que se leve adiante esta proposta para así dunha vez poder facelo público i ver se somos capaces de chegar a un consenso, posto que, como dicía, si ben nos sentimos todos coñecidos i recoñecidos polo símbolo que se viña usando de máis antigo a Lei nos obriga a facer este trámite.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Como xa dixen na Comisión, parécenos que a Comisión marca demasiado o que ten que ser ese escudo, deixa moi pouca liberdade a... ao que é o Concello para decidir o que é símbolos. A parte, como sabemos o que hai, porque xa houbo, o que pasa é que non a entregou en...en...en prazo e en forma porque tería que presentar a alegación á vez que presentara i aprobara este Concello Pleno os símbolos, algún veciño que considera que non está ben, que non reúne o que sería os símbolos históricos do Concello da Estrada. Vamos a manter o voto, que tivemos na Comisión, de abstermos para permitir de todos xeitos seguir adiante co proceso para que os veciños e veciñas que consideren as alegacións e, a partir de aí, coñezamos realmente outras opinións, daremos o voto definitivo nese trámite sucesivo de alegacións públicas.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois creo que co ánimo de agradecer tamén a... a colaboración dos... do resto dos grupos municipais, dicirlles que o que fixemos ou intentamos facer neste tema, nesta cuestión, que é unha cuestión que nos une a todos, porque eu creo que bueno é o noso máximo símbolo xunto coa bandeira do noso Concello, quixemos continuar co proceso iniciado no... no goberno anterior. Nos pareceu axeitado o modo de proceder, dicía o señor Magariños que quedaba demasiado encaixado ou encaixonado as decisións tomadas por esa Comisión Heráldica, eu persoalmente era unha Comisión informal, non tiña carácter vinculante a súa decisión,

pero bueno si nos pareceu i nós a mantuvemos exactamente igual que estaba nomeada polo goberno anterior no que, ademais, temos aquí a...a... ao compañeiro Sanmartín Obelleiro que formou parte i foi un dos iniciadores desa... desa propia Comisión. Creo que é xusto recoñecerlle tanto a ao compañeiro Sanmartín Obellerio como a... a Olímpio Arca Caldas, Manuel Docampo Pego, Jesús Leis Camba, Alfonso Varela Durán, Luis Reimóndez Fernández, Luis Ferro Pego, José Luna Sanmartín, Juan Andrés Fernández Castro, María Jesusa Fernández Bascuas i Valentín García Gómez que dunha forma directa ou indirecta participaron neste proceso na etapa anterior i na nova etapa. De aí saíu unha proposta, como ben saben entre, tanto houbo un cambio na propia Comisión Heráldica, un cambio, unha proposta que todos os partidos políticos asumimos. Entendemos que necesitábamos unha unión e na aprobación inicial, todos apoiámos i apostamos por esa proposta do propio comité i despois houbo unha alegación, esa alegación non foi resolta, entre tanto hai un cambio na Comisión de Heráldica i hai un cambio importante de criterios sobre como deben de ser os elementos diferenciais dun escudo ou como debe de estar recollido na heráldica galega determinados elementos. A partir de aí se propoñen uns elementos de mínimos que nós entendemos que son razoables i...i se...i se leva, ou se propón, este escudo que tamén é certo que...que estará suxeito a un período de exposición pública dun mes, i donde, bueno, os veciños poderán opinar i participar o que maioritariamente decidiu esta Comisión de Expertos i o que acordamos na Comisión i levamos a Pleno. Polo tanto, eu creo que nesa liña intentaremos ter outra reunión, outra Comisión Informativa antes da aprobación definitiva para ver que aspectos se poden incorporar, pero si é certo que, bueno, en materia heráldica está ...están as...pois as cuestións básicas do escudo están bastante limitadas. I a partir de aí pois veremos... veremos como vai evolucionando, pero a idea é que ao final cheguemos, i así nos gustaría a todos, a un consenso de todos para poder aprobar de forma definitiva xa un escudo i acabar con esa situación de impasse que levamos tantos anos, que moitas veces incluso provoca confusión nos nosos veciños porque hai documentos oficiais co selo, e hai documentos co escudo aprobado provisionalmente i agora vamos a ter outro...outro escudo, i creo que debemos de intentar rematar con esta situación o antes posible.

Así que gracias polo apoio i daremos paso a ese período de exposición pública para... para despois poder resolver as cuestións, ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Simplemente unha aclaración, non me... cando falo da Comisión de Heráldica non me refiro a Comisión que se creou no propio Concello a parte... ou sexa a Comisión de Expertos, me refiro a Comisión de Heráldica da Consellería de Cultura, que marcaba, creo, se non me falla a memoria, as palabras do Concelleiro de Cultura, certos puntos que eran innegociables. Eu creo que hai certas cuestións que si deberían quedar un pouquiño... un pouquiño máis abertas partindo da base de que si efectivamente estamos de acordo en cuestións á hora de reproducir o escudo, que si cuestións técnicas, outras cuestións de simboloxía creo que, bueno, eso de que non son negociables, os estradenses teremos que dicir o que pensamos sobre a nosa simboloxía ¿non? Penso que simplemente aclarar iso, que non me refería a Comisión de Expertos Estradenses, senón que sería a Comisión de Heráldica da Consellería de Cultura.

Sr. Alcalde.- Ben señor Magariños, hombre, eu, ao mellor non está moi... moi ben explicado pola miña parte. Imos a ver hai... hai unha...unha, que estaba no expediente ademais, unha acta da reunión da Comisión de Expertos de Heráldica historia local onde formaban parte as persoas que acabo de nombrar fai un momento, esa reunión se produce ou se realiza...se fai o día 2 de febreiro do 2012, desa

reunión saen os elementos fundamentais que deben de conformar o escudo e a simboloxía heráldica da Estrada, i a resolución da propia Consellería... da Consellería de Presidencia é posterior, dando por bos, por válidos os elementos que a propia Comisión Local de Heráldica establecía como elementos heráldicos que deberían figurar no noso escudo. Non é a Comisión Heráldica que nos fixa eses elementos, é a Comisión Local a que o traslada á Comisión Heráldica, os da por válidos i por bos i, bueno, despois nos traslada que están en disposición de poder continuar co trámite para poder facer a súa aprobación, osea, que aí incluso podemos ter percorrido para poder facer algunha modificación si consideramos que eso é oportuno.

Si lles parece entonces procedemos á votación deste asunto, da aprobación, como dicía antes, de... da aprobación do Ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte relativo á proposta do escudo e bandeira municipais, tendo en conta que esta é a aprobación inicial i despois será sometida á aprobación definitiva. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor?, Apróbase por maioría absoluta.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e PsdeG-PSOE (7), e a abstención do BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro de Cultura de data 04-02-2013, en relación co asunto de referencia.

Visto que os actuais escudo e bandeira municipais datan dos anos 20 e dos anos 80, respectivamente, do século pasado.

Visto que resulta conveniente que, tanto o escudo como a bandeira municipais, sexan conformes aos oportunos parámetros de heráldica manexados pola máxima autoridade a este respecto en Galicia, cal é a Comisión Heráldica.

Visto o expediente levado a cabo por este Concello para a modificación do seu escudo e da súa bandeira municipais. Neste expediente caba destacar:

- As diferentes reunións levadas a cabo por un Comité de expertos en heráldica e historia local.
- A Proposta de escudo e de bandeira feitas pola Comisión de Heráldica reunida o 17-02-2011, e remitidas ao Concello por medio de escrito do seu Secretario de 25-02-2011 (data de saída da Dirección Xeral de Administración Local do 28-02-2011).
- O Acordo plenario de 03-03-2011 de aprobación de dita Proposta.
- A realización de trámite de información pública (o anuncio no DOGA publicouse con data 19-04-2011).
- A alegación presentada por D. Manuel Docampo Pego o 16-05-2011 e asemade a súa proposta de 20-01-2012.
- A Proposta de escudo e bandeira municipais formuladas posteriormente pola Comisión de Heráldica (comunicada mediante escrito do seu Presidente de 01-03-2012 -entrada no Concello o 7 de marzo de 2012-).

Visto que, finalmente, os criterios manexados pola Comisión de Heráldica rematan por ser os máis importantes para a aprobación pola Xunta destes Expedientes, dada a súa autoridade na material, e dado que o seu informe é preceptivo e vinculante.

Vistas as previsións do Decreto 19/2010 (particularmente, artigos 16 e ss.).

Vista a competencia (por maioría absoluta) do Pleno da Corporación (artigos 16 e ss do Decreto 19/2010 e artigos 22.2 b] e 47.2] da Lei 7/1985).

Visto o informe da Secretaría Xeral de 04-02-2013.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte, acadado en sesión do 30-01-2014.

ACORDAMOS:

1º.- Agradecer a todos aqueles que participaron ata o de agora no proceso de determinación do escudo e bandeiras municipais e, particularmente, aos que asistiron ás diferentes reunións do Comité de expertos e heráldica e historia local.

Recoñecer moi especialmente as contirbuções de D. Manuel Docampo Pego e a súa defensa dos elementos que conformaban o escudo municipal de 1928.

2º.- Determinar neste intre a tramitación da modificación do escudo e bandeira municipais segundo o previsto na letra a) do artigo 16 do Decreto 19/2010.

3º.- En lugar de solicitar á Comisión de Heráldica a elaboración da correspondente Proposta segundo as previsións do artigo 16.a e 18.1.a) do Decreto 19/2010, e dado que esta xa foi feita: Acoller a Proposta de escudo e bandeira municipais da Comisión de Heráldica comunicada mediante escrito do seu presidente do 1 de marzo de 2012 (entrada no Concello o 7 de marzo de 2012).

4º.- Aprobar a Proposta de escudo e bandeira municipais da Comisión Heráldica comunicada mediante escrito do seu Presidente de 1 de marzo de 2012(entrada no Concello o 07-03-2012). É como segue:



BLASONAMENTO (ESCUDO): De sinople (verde) e sobre ondas de prata (branco), unha ponte decinco ollos de ouro (amarelo), surmontado dunha torre oca amén de ouro e, nos flancos, de dúas veneras de prata, suromontadas á súa vez de sendas estrelas de ouro. Ó timbre, a coroa real cerrada.

BANDEIRA: Dividida por unha banda branca, de ver ao asta é de vermello ao batente.



5º.- Someter o expediente a información pública por un mes, mediante a publicación de anuncio no Taboleiro de Editos do Concello e no Diario Oficial de Galicia, a efectos de que os interesados poidan presentar as alegacións que consideren oportunas.

O Pleno resolverá as alegacións que se puideran presentar.

Non obstante, de non presentarse alegacións en prazo, o Acordo plenario de aprobación de escudo e bandeira municipais, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado. E o expediente completo remitirase á Comisión Heráldica para o seu informe preceptivo e vinculante, previo á aprobación, no se caso, polo Consello da Xunta.

(NESTE MOMENTO INCORPÓRASE Á SESIÓN O CONCELEIRO D. JOSÉ A. DONO LÓPEZ)

6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES DE DATA 30-01-2014, RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A DECLARACIÓN DO 24 DE FEBREIRO COMO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO, E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A PROMOCIÓN E COÑECEMENTO DA SÚA OBRA E DO SEU COMPROMISO VITAL.

Sr. Alcalde.- O punto número sexto é o Ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte de data 30 de xaneiro, relativo a moción do grupo municipal do BNG para declaración do 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro e realización de actividades para promoción e coñecemento da súa obra e do seu compromiso vital. Ten a palabra o señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Simplemente mostrar a nosa alegría de que chegáramos facilmente a un consenso nesta moción, e, repetindo unhas palabras do Concelleiro de Cultura, rectificar é de sabios, entóns alegrámonos de que o Partido Popular rectificara a oposición que tuvo o ano pasado, a que eu lle teño dito máis dunha vez que me sorprende que o Partido Popular da Estrada tivera esa...esa postura con esta mesma moción que presentáramos o ano pasado, cando outros Concellos gobernados polo Partido Popular si tiñan aprobado esta... esta mesma moción ¿non? Xa lles dicía que home, dentro das diversas liñas que ten o Partido Popular e parece que cada vez ten máis, que consideraba que o Partido Popular da Estrada tiña unha certa sensibilidade para a cultura galega e para cos símbolos que nos identifican como pobo ¿non? Pero bueno, está ben, rectificar é de sabios, iso está moi ben, e alegrarnos de que iso que se aprobaran estes 5 puntos que presentamos na moción de declarar o día 24 o día de Rosalía e facer eses actos no noso Concello, incluso houbo algunha proposta dalgún membro do Partido Popular que todos aprobamos nesa propia Comisión, simplemente....

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, moitas gracias ¿algunha outra intervención? Pois, como dicía o señor Magariños, é sempre benvido un acordo en... en determinados ámbitos, eu creo que, bueno, pois si é certo que na figura de Rosalía de Castro pois se unen moito da nosa... do noso pensamento i creo que ademais non está de máis nunca que nun Concello tan vinculado ao mundo da cultura i das letras como é o Concello da Estrada teña ese... ese recoñecemento a esa figura senlleira da nosa cultura i da nosa literatura, así que esperemos que tamén os actos que poidamos desenrolar pois sexan actos que enxalcen esa...esa figura. Procedemos, polo tanto, a votar este asunto ¿votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor?, Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada por D. Xosé Magariños Maceiras, portavoz do Grupo Municipal do BNG, relativa á declaración do día 24 de febreiro como "Día de Rosalía", así como para realizar actividades que promovan o coñecemento da súa obra e do seu compromiso vital.

Visto que Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, dende a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restaruación do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso comprometida coa súa terra, coas súas xentes e coa súa lingua.

Visto a que a súa obra é ún retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Dende o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, unha voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nímima de escritoras e escritores máis destaca/os da literatura universal de todos os tempos. Por outra parte, existen novas lecturas e novos descubrimentos quer a respecto do conxunto da súa obra quer sobre a propia figura da nosa autora e o seu papel socio-histórico que paga a peña coñecer a difundir. E houbo, asemade, nos últimos tempos, unha importante reactualización da súa obra que volveu ser actualizada a través de diferentes formatos e expresións culturais (música, teatro, literatura, danza...).

Visto que, polos motivos reseñados, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contrebuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Visto que a Consellaría de Cultural non recolle, para o ano 2014, o 24 de febreiro como Día de Rosalía no seu Calendario do Libro de Lectura, como viña sendo habitual, un feito que queremos denunciar e que só se pode enmarcar no intento de ocultar a figura dunha Rosalía viva, radical, culta e comprometida que hoxe grandes sectores da poboación coñecen e admiran.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes, adoptado en sesión do 30-01-2014.

Por todo anterior, **ACORDAMOS**:

1º.- Declarar o 24 de febreiro "Día de Rosalía" no noso Concello.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) a recuperación da incorporación do Día de Rosalía ao seu Calendario do Libro da Lectura.

3º.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen o conxunto dos veciños e veciñas do noso Concello o 24 de febreiro. Entre estas actividades, estarán as de pendurar nos balcóns das casas e

das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais, etc.

4º.- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do Concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

5º.- Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

7º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 10-01-2014, RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DESESTIMAR E NON LEVAR A EFECTO A PROPOSTA DE REFORMA DA LEI DE DEMARCACIÓN E PLANTA XUDICIAL FEITA PÚBLICA NA PÁXINA WEB DO MINISTERIO DE XUSTIZA.

Sr. Alcalde.- O punto número sétimo é o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 10 de xaneiro relativo á moción do Grupo Socialista sobre instar ao Goberno de España a desestimar e non levar a efecto a proposta de reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial feita pública na páxina web do Ministerio de Xustiza.

Para presentar esta moción ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, en primeiro lugar alegrarnos de que finalmente teña chegado ao seu debate en Pleno esta moción, unha moción que seguimos considerando, igual que levamos considerando i reiterando neste Pleno en distintas ocasións, que toda vez trouxemos este asunto a este debate. Insistir en que para a Estrada o partido xudicial, o mantemento do partido xudicial, o mantemento da vinculación ao territorio das institucións xudiciais sigue a ser importante i fundamental, porque dende logo non só consiste en manter a proximidade dos servizos de xustiza aos nosos cidadáns i os cidadáns do partido xudicial Cerdedo i Forcarei, senón que, dende logo, a vida i a capacidade de motor quexera para o noso Concello ter aquí estes servizos xudiciais. Unha vez máis traemos esta moción porque, como é sabido, o Ministerio de Xustiza levou á sede parlamentaria, anunciou un novo texto no que pretende facer unha reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial, un texto no que si ben inicialmente o propio representante do goberno, o señor Gallardón, manifestaba que non facía seu este texto sacado adiante pola Comisión Institucional á que se lle encomendou a súa redacción, máis tarde nos sorprendeu a todos levándoa, como dicía, á sede parlamentaria i anunciando, i presentando no seu contido, que a pesares de ter dito de que non se ían a suprimir ningunha das sedes xudiciais de España, como dicíamos, nos sorprendeu a todos cando no seu interior se dicía que se implantaba un novo modelo, i ese novo modelo na súa lectura consiste en que as sedes se van a recortar i, polo tanto, no caso da maioría das rurais se perden, i nos veríamos obrigados a desplazarnos no caso da Estrada a Pontevedra, unha distancia suficientemente importante como para loitar con todas as nosas forzas dende esta corporación municipal. I así o entendemos os socialistas i por iso insistimos no seu debate para loitar, dicía, para que se manteña vinculado ao territorio a distribución de planta xudicial. Por eso cremos i agardamos que se manteña o que aconteceu no debate en Comisión Informativa, donde todos os partidos aquí presentes apoiaron esta proposta para recordar, dicirlle alto e claro ao Ministerio de Xustiza, que non estamos de acordo con esta proposta que se fai, que é necesario que se senten, que consensúen coas distintas comunidades que son as que coñecen os territorios i

que, dende logo, é innegociable que se debe de manter vinculado ao territorio para que a proximidade dos tribunais á cidadanía permita i que teñan i poidan defender os seus dereitos como mellor veña en xustiza. Dende logo cremos que é necesario unha reforma da xustiza pero na liña de garantir o complemento... o completo desenvolvemento dos servizos na liña de axilizar os procesos xudiciais, porque dende logo como estamos a ver na realidade, a tardanza dos mesmos están a crear danos e indefensión. I por iso cremos que ese é o camiño que se debe facer, o da reforma para axilizar a mesma, non, dende logo, para poñer máis dificultados i máis paos nas rodas dos veciños e das veciñas. Xa foron outras as modificacións que se fixo dende que o Partido Popular goberna no estado que ten feito en xustiza, todos recordamos o establecemento de taxas, todos recordamos que todavía non están salvados os Rexistros Cívís na súa distribución territorial, incluso amenazados os partidos xudiciais polas distintas reformas. Cremos que esas non son as reformas que se deben levar adiante en materia xudicial, i por iso alegrámonos que na Comisión Informativa se teña chegado a acordo dos membros desta corporación municipal para defender o partido xudicial da Estrada i agardamos que se manteña este consenso nesta sede plenaria, moitas gracias.

(APLAUSOS)

Sr. Alcalde.- Moi ben, ¿algunha intervención? Ten a palabra o señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Simplemente remarcar a importancia de que os servizos estén próximos aos cidadáns, sobre todo os servizos como é o da xustiza, ademais nun territorio como o galego, coa peculiaridade que temos de dispersión de poboación e de núcleos de poboación, co cal se acabamos levando, cada vez sacando cada vez máis servizos dos núcleos de poboación pequenos, acabaremos sendo un auténtico ermo no noso territorio ¿non? Ademais a isto hai que engadirlle que somos un país que non conta cuns servizos de transporte públicos adecuados á nosa orografía e territorio, e todos dependemos do noso vehículo particular, vehículo do que non dispón todo o mundo. Por iso é importantísimo loitar porque os servizos públicos, neste caso o de xustiza, esté o máis próximo ao cidadán, estamos de acordo que si efectivamente é necesaria unha reforma de xustiza pero, dende logo, esa reforma da xustiza pasa por unha xustiza gratuíta, áxil e próxima ao cidadán.

(APLAUSOS)

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, pois nada, creo que todos seguimos estando no mesmo punto que estábamos fai catro meses i seis meses cando debatimos en diferentes ocasións este tema nesta sede plenaria i creo que ademais coincidimos basicamente todos no... no obxectivo que temos que loitar, que é defender os servizos públicos i defender a posición da Estrada como cabeceira comarcal entre este serviciio que tamén o serviciio xudicial i outros moitos que prestamos dende aquí, seguir defendendo que...que bueno pois debemos de reforzar ese papel dun Concello pois chamado a... a ser un pouco referente nos ... nos... na súa comarca incluso fóra da súa comarca ¿non? Así que nesa liña creo que todos estamos traballando i polo tanto nós tamén estamos completamente de acordo en que temos que traballar para que esa reforma da planta xudicial que, evidentemente, será necesaria i entendo que ademais é unha reforma pois que...que ...actual e se aprobou fai bastantes anos i pode ser necesario unha nova...un novo plantexamento, pero en ningún caso...en ningún caso que se faga como, bueno, pois comentaba ou parece que se vai a facer, que é establecendo pois as competencias

xudiciais a nivel provincial i provocando unha situación, unha de colapso i outra de incapacidade por parte dos nosos veciños de ter ese servizo próximo. Así que creo que nesa liña estamos traballando i eu espero así... ademais temos o compromiso do propio Conselleiro que ao final as comunidades autónomas teñan bastante que dicir en todo este proceso i a Estrada non saia prexudicada, senón ao contrario que saia beneficiada de esa reforma i que cada vez poidamos prestar máis servizos si cabe dos que estamos prestando aos nosos veciños. Así que procedemos a votar este asunto ¿votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE, sobre instar ao Goberno de España a desestimar e non levar a efecto a proposta de reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial feita pública na páxina web do Ministerio de Xustiza.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, acadado en sesión do 10-01-2014

ACORDAMOS:

Que se inste ao goberno de España a:

1º.- Desestimar e non levar a efecto as propostas de reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial e a Lei Orgánica do Poder Xudicial feita pública na páxina web do Ministerio de Xustiza.

2º.- Presentar unha nova proposta de reforma na que na súa elaboración e contido:

- Téñase en conta as distintas competencias que concorren. E a opinión dos CC.AA, tal e como expresa a Constitución Española e o art. 35 da LOPJ.
- Mantéñese a demarcación e planta vinculada aos territorios, con partidos xudiciais como estrutura territorial dos Tribunais de Instancia, mantendo de está forma os partidos xudiciais e suprimindo que o seu ámbito territorial sexa provincial. Deixando sen efecto a recentralización que leva a cabo nas capitais de provincia.
- Manteña as Audiencias Provinciais e os Xulgados de Paz para evitar o afastamento e a concentración da administración de xustiza tan contraria aos intereses dos cidadáns, e buscando o consenso nas novas demarcacións, como poden ser os tribunais de base ou primeiro grao.

3º.- Implantar os Tribunais de Instancia simultaneamente co pleno despregamento da nova oficina xudicial, co fin de garantir o completo desenvolvemento dos servizos comúns procesuais e axilizar a xustiza, mellorando o servizo público.

8º.- DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL DE DATA 24-01-2014, RELATIVO ÁS MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP E DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN CO ANTEPROXECTO DE LEI SOBRE A SAÚDE SEXUAL E REPRODUCTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO.

Sr. Alcalde.- O punto número oito é o ditame da Comisión de Benestar Social de data 24 de xaneiro, relativo ás mocións presentadas polos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE en relación co Anteproxecto de Lei sobre a saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo. Ten a palabra a Concelleira de Benestar Social doña Amalia Goldar.

Sra. Amalia Goldar do PP.- Gracias Alcalde, boas...boas tardes, boas noites. Bueno, o outro día tivemos a Comisión de Benestar Social onde trouxemos o debate dunha serie de temas, creo que de importancia, relevancia social, entre elas a relativa ao Anteproxecto de Lei sobre a saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo. Neste tema a pesar de que todos podemos ter as nosas opinións como debe ser e así...así corresponde a un sociedade plural. Evidentemente estivemos todos os presentes de acordo en entender que a nova regulación que se pretende levar a cabo, cremos que é un erro porque debe buscar o consenso. Estamos nunha sociedade plural, nunha sociedade moderna onde hai que respectar e regular os dereitos, pero o que non se pode é impoñer e limitar os dereitos, sobre todo o dereito como poder ser o dereito da maternidade, un dereito fundamental da muller, non debe ser imposto nin regulado desde un punto de vista social, político nin relixioso. Evidentemente ninguén pode negar a unha muller o dereito a ser nai nin tampouco ninguén pode obrigala a selo, polo tanto nesta corporación hemos estado de acordo en, perdón a redundancia, en dous puntos que é solicitar a retirada deste Anteproxecto e instar ao goberno a que busque un consenso con todas as forzas políticas ao fin de buscar unha Lei que sexa respetuosa, que sexa moderna e teña cabida dentro dunha sociedade plural como a que temos no noso país, moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Goldar. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, estamos a falar dunha modificación que se propón dende o Goberno do Estado, unha modificación a través dun Anteproxecto de Lei polo que soamente...non só se pretende revisar unha lexislación, sinón o que se fai é recortar o dereito das mulleres, recortar e impoñer unha decisión contra o respecto á súa capacidade i á súa autonomía. O que se vai a conseguir si esta Lei se leva adiante, si este Anteproxecto sae adiante, é un retroceso de máis de 30 anos con respecto aos dereitos da persoa, da persoa falando da muller, da persoa con dereito a decidir sobre o seu propio corpo, con dereito a ser respectado o seu...a súa capacidade de toma de decisión, algo que non garante este Anteproxecto de Lei. É máis, estamos a falar de modificar unha Lei de saúde sexual e reprodutiva que pasou por distintas fases, por un consenso no 1985, por un consenso de asociacións i de partidos políticos, agás un, na esfera do 2010 i estamos a falar dunha Lei de prazos i de supostos, unha Lei que posibilita i que ampara á muller, unha Lei que non obriga, unha lei que non impón a ninguén unha decisión, senón que abre un marco xurídico de respecto á súa capacidade de decisión. Por iso consideramos que levar adiante esta reforma non só escandaliza a nivel internacional, como xa ten feito con posicionamentos en contra dende a Unión Europea i dende distintos países, sinón que dende logo condena aos españois, unha vez máis, a volver á clandestinidade, a volver a unha situación que creíamos ter superada xa, unha situación na que todos estábamos de acordo i superado por consenso a idea de que a muller ten capacidade para decidir, dende logo que si debe de ter en conta aspectos médicos, debe de ter en conta outros aspectos familiares, pero o que non se pode facer é impoñerlle unha maternidade a unha persoa por encima de todo porque o seu dereito a

decidir, o seu respecto debe de manterse, porque, como dicíamos, é un dereito non é unha obriga. Por iso consideramos i nos aleda moito que no caso do Concello da Estrada todas as forzas políticas teñamos chegado a un consenso, nos alegra moito especialmente que, neste caso, o grupo de goberno i o resto dos partidos que forman parte desta corporación teñan decidido que é máis importante respectar os dereitos das mulleres que respectar as ideoloxías dos partidos. Por iso cremos i mantemos que este...este Anteproxecto de Lei se debe de retirar de xeito inmediato, non se debe continuar coa súa tramitación porque, dende logo, eso vai condenar ás españolas a retroceder 30 anos nos seus dereitos i vainos a obrigar a volver á clandestinidade, a volver a padecer agravios con respecto á saúde da muller i eso, dende logo, non se pode tolerar nunha sociedade democrática, moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Si, empezo a miña intervención lamentando dúas cuestións. A primeira é que non puideron estar presente nesa Comisión e non puideron dar a opinión como BNG, como xa ben saben os membros desa Comisión por motivos persoais e, outra cousa que lamento, é que si no mes de maio cando o BNG presentou unha moción sobre este mesmo tema se houbera chegado a un consenso ao mellor non estábamos aquí, non estaba o Partido Popular metido neste problema que xenerou, porque podía dar as ideas de hacia onde deberían ir os tiros na Lei que agora, bueno, Anteproxecto de Lei que quere aprobar o Partido Popular. Vamos loxicamente a dar o noso apoio favorable, simplemente indicar que nos parece que se debería engadir no último parágrafo onde pon darase traslado ao Goberno do Estado e aos grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados, engadirlle así como á Xunta de Galicia e aos grupos políticos presentes no Parlamento Galego, porque bueno, tamén o Goberno Galego sepa da opinión do Concello da Estrada e por outro lado que sepan tamén os deputados galegos presentes no Congreso cal é a opinión dos concellos galegos, especialmente do concello estradense, e actúen en consecuencia e voten en contra deste Anteproxecto, senón estaríamos realmente ante unha hipocrisía para os veciños e veciñas da Estrada.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños pois non creo que exista ningún problema nesa modificación do Acordo de instar ao Parlamento Galego, aínda que non ten competencia absoluta neste tema, nesta cuestión, pero bueno como mostra do noso compromiso. Eu simplemente dicir que...que estemos de acordo en buscar un entendemento entre as forzas políticas, non quere dicir que todos estemos de acordo nas mesmas cuestións en relación ao aborto. Creo que ese tema ten que quedar i debe quedar claro, creo que o Partido Popular, ou polo menos o Partido Popular da Estrada, ten claro que a Lei actual hai que modificala, i nós entendemos i defendemos que así debe de ser, sobre todo relacionado coa cuestión da autorización a menores de idade por parte dos pais, non ten sentido que unha menor de idade poida abortar sen consentimento dos seus proxenitores, i creo que aí nesa dirección creo que hai unha discordancia clara con respecto á opinión do Partido Socialista, i, no seu momento, nós o que pretendemos é cando se busca un acordo, hai que dicir que a anterior Lei do aborto non se pactou tampouco co anterior partido maioritario da oposición, co partido con maior representación da oposición, nin se pactou nin se quixo pactar ¿non? A veces ten estas curiosidades ¿non? Pídesse unha cousa cando está na oposición e se fai o contrario cando está no goberno, agora pedimos i nós pedimos desde aquí que sexamos coherentes i que pactemos os aspectos fundamentais desta Lei para conseguir que perdure no tempo i para

non facer este revisionismo legal ao que moitas veces estamos sometidos cando entra un partido e sae o outro ¿non? Por eso creo que se debe de facer un esforzo en ese tema fundamentalmente, igual que noutros, pero fundamentalmente neste tema, para que as grandes forzas políticas cheguen a un acordo de mínimos que permitan garantir por suposto ese dereito que nós entendemos que é un dereito fundamental da muller. I, polo tanto, esperamos i como mostra un botón, non tería sentido que non chegáramos a un acordo nesta sesión plenaria i que pediramos que chegaran a acordos noutros lados, por eso creo que é un bo exemplo predicar neste caso co exemplo i dar cumprida resposta eu creo que a unha sociedade que pide que se...que se legisle dunha maneira diferente a como é o Anteproxecto actual que eu espero, desexo e teño a confianza e seguridade que saben vostedes que non está en trámite parlamentario i se vai a modificar, porque así o dixo e o fixo público o propio Presidente do Goberno, e así se expresou tamén desesa maneira pois o propio Presidente da Xunta de Galicia ¿non?, que está nesa mesma liña, i creo que todos debemos de camiñar nesa dirección i traballar ata a extenuación para conseguir un pacto, un acordo, un gran acordo en relación a esta Lei que entendemos que é importante pero que tamén entendemos que debe de contar co debido consenso das forzas políticas, para garantir, como dicía antes, que perdure moitos anos, como así foi durante 30 anos a Lei anterior aprobada polo Partido Socialista, i que perdurou no tempo en distintos gobernos con distintas cores, i eso debe de ser o noso...o noso obxectivo. Así que si lles parece votamos este...este ditame da Comisión ¿votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vistas as Moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE con data de xaneiro de 2014, en relación co Anteproxecto de Lei sobre a Saúde Sexual e Reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

Vista a proposta do grupo municipal do Partido Popular, relativa ao mesmo asunto.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, en sesión do 24-01-2014.

ACORDAMOS:

1º.- Instar ao Goberno de España a:

– Retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que se pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

– Abrir un proceso de diálogo e debate coas demais forzas políticas que conduza a unha regulación da interrupción voluntaria do embarazo moito mais consensuada, acorde coa sociedade plural e secularizada de hoxe, e en consonancia coas lexislacións dos países do noso contorno.

2º.- Dar traslado deste Acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

9º.- DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL DE DATA 24-01-2014, RELATIVO Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

SOBRE O SERVIZO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENTES.

Sr. Alcalde.- O punto número nove é o ditame da Comisión de Benestar Social de data 24 de xaneiro relativo á moción presentada polo Grupo Municipal do PS de G.-PSOE sobre o servizo de apoio de mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes. Ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben gracias señor Alcalde, unha mágoa que dende logo cando se...como vostede dixo ¿non?, que cheguemos a consensos aquí i logo despois haxa quen, pois, teña que picar por picar, i si se fala por falar pois podemos falar de moitas cousas, i podemos recordar moitas cousas porque posiblemente todos teñamos memoria, pero bueno nós imos a manter o noso compromiso e vámonos a ceñir ao debate pois neste caso agora a continuar coa seguinte moción. Unha moción que presentábase i que tamén nos aledábase o día que se celebrou a Comisión Informativa por haber chegado a un consenso coa mesma. Unha moción na que pedimos e instamos á Xunta de Galicia ao mantemento do servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e persoas dependentes. Estamos a falar do servizo do 065 un servizo que todos, estou segura, que consideramos bo i necesario para aquelas persoas que con algunha discapacidade ou con algunha dependencia necesitan de axuda para acudir a centros médicos, para acudir a rehabilitacións, para acudir mesmo a visitas á administración por necesidades persoais. Dende logo cremos que é un servizo bo i un servizo que se debe manter, por iso traíamos i rexistrábase esta moción i a mantíñamos i así xustificábase na Comisión, porque a pesares de que o decreto que a Xunta propuxo i un decreto que facía moito máis restritivo i limitado este servizo no seu acceso, a pesares como digo que un par de días despois o Consello do Estado facía un informe no que lle dicía á Xunta de Galicia que non debía continuar adiante, i a Conselleira pois así o esbozou aos medios de comunicación, de que bueno pois en efecto non pretendía levalo adiante, como dicía, xustificábase na Comisión que mantíñamos i así o entendíamos todos que mantíñamos esta moción, posto que dende logo é algo que debemos de deixar tamén alto e claro, i defender ás persoas que con algunha discapacidade ou dependencia necesitan este servizo. I digo defender porque xa nos teñen acostumbrados os gobernos a dicir hoxe que non van a facer recortes en sanidade i mañán aplícalos, a dicir que non se vai a facer recortes en educación i sorpréndennos a todos i se aplican. Por iso dicíamos i mantíñamos esta moción para dicir alto i claro que eso é innegociable, un decreto que restrinxe i limita, como dicíamos, o servizo incrementando o grado de minusvalía necesario para poder acollerse a el, reducindo os servizos que se prestan, reducindo as unidades de vehículos que prestan os mesmos, e mesmo o número de servizos que se poden acoller ao mesmo. Cremos que debemos dicirlle como corporación da Estrada que nós estamos ao lado dos nosos veciños e veciñas i que, polo tanto, pedirlle instar ao Presidente da Xunta de Galicia i á Consellería de Traballo i Benestar a que procedan a retirar este proxecto de decreto que dende logo, non dicimos que o garden nun caixón e o saquen máis adiante, sinón que procedan a retirar, que digan alto i claro que non van a meterse nestas competencias porque, dende logo, debemos de seguir dando apoio a estas persoas afectadas. Por eso alegrábase de que se teña manifestado i apoiado o consenso de todos na creencia de que o servizo do 065 é necesario, i, dende logo, agardar que este Pleno manteña o voto no mesmo sentido que a Comisión e que todas as forzas políticas así o fagan a pesar de cousas que xa temos escoitado a posteriori desa Comisión, moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias. Señor Magariños ten vostede a palabra.

Sr. Magariños do BNG.- Simplemente destacar a importancia de que as forzas políticas que formamos parte dos concellos demostramos o noso apoio a que se manteñan servizos fundamentais, servizos que custou moitos anos conquistar co esforzo de moitos e de moitas, e hai que seguir loitando por eles. Dende logo que non podemos ir dando pasos cara atrás e cada vez suprimir servizos fundamentais, servizos que nos fan ser unha sociedade do século XXI.

Sr. Alcalde.- Moitas gracias señor Magariños, ten a palabra doña Amalia Goldar.

Sra. Amalia Goldar do PP.- Gracias, evidentemente como fan os meus compañeiros, tamén alegrarnos da haber conseguido tamén neste tema un consenso. Evidentemente, convencida de que a Xunta de Galicia como sempre seguirá mantendo un transporte público o 065 adaptado para todas aquelas personas que pola súa discapacidade, polo seu grado de dependencia se vexa limitada na asistencia a centros hospitalarios, a centros de rehabilitación, a terapia e todo aquilo que necesiten. Evidentemente estamos nunha sociedade moderna, estamos nunha sociedade que se preocupa polas personas que teñen máis difícil o seu acceso e, desde logo, estou segura que o novo decreto seguirá loitando e defendendo a este colectivo, moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Goldar. Pois procedemos polo tanto a votar este asunto, ¿votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade o ditame da Comisión de Benestar Social.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE de data xaneiro/2014, en relación ao servizo de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, en sesión celebrada o 24-01-2014.

ACORDAMOS:

1º.- Instar á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Traballo e Benestar Social a que procedan á retirada do proxecto de Decreto polo que se regula o Servizo Galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e manter o citado Servizo nas condicións nas que se ven prestando na actualidade, isto é, a tenor do establecido no Decreto 195/2007, de 13 de setembro, e demais disposicións legais que o teñen desenvolvido.

2º.- Dar traslado deste Acordo aos grupos políticos do Partido Popular, PsdeG-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, co gallo de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao sinalado neste Acordo.

10º.- DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL DE DATA 24-01-2014, RELATIVO Á PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AO POBO SAHARAUI.

Sr. Alcalde.- O punto número dez é o ditame da Comisión de Benestar Social de data 24 de xaneiro, relativo á proposta declaración institucional de apoio ao pobo saharauí. Ten a palabra a Concelleira doña Amalia Goldar.

Sra. Amalia Goldar do PP.- Gracias. Ben, este Concello acercouse aos representantes da Asociación de Axuda ao Pobo Saharauí que aquí, como todos sabemos, teñen unha representación, unha vinculación moi importante, pedindo que esta corporación apoiase publicamente e defendese os abusos que está sufrindo sobre todo a cidadanía do...do pobo saharauí. Neste senso o grupo de goberno levou a Comisión un...un manifesto a fin de buscar o apoio das demais forzas políticas, como así foi, porque, evidentemente, o que se trata con este manifesto é solicitar aos organismos internacionais e nacionais competentes, que se intente, que se busque e se logre unha solución política e pacífica ao conflito de Sáhara e, sobre todo, e fundamental que se respecten os dereitos humanos do pobo saharauí. Neste sentido, e como poñemos de manifesto, a nosa idea e que, bueno, que sea trasladado a todas aqueles, como acabo de dicir, institucións competentes a fin de pois poñer o noso grano de area para lograr entre todos o compromiso que ten a sociedade española co pobo saharauí, de lograr esa solución e que por fin algún día vexamos a solución a este problema, moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Goldar ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- En efecto como dicía a Concelleira de Servizos Sociais, de Benestar, manifestar o noso apoio a esta proposta de declaración institucional que a corporación estradense vamos a acordar, ou agardo que así sexa, no día de hoxe dando o noso apoio ao pobo saharauí. Dende logo cremos que a débeda histórica que temos todos co pobo saharauí fai que debamos estar ao seu lado, i moito máis como corporación, como corporación que xa ten colaborado i que ten intención, i o digo algo e claro, de continuar a colaborar con esta institución que está a desenvolver este traballo nos campamentos de refuxiados. Colaborar digo con esta manifestación i colaborar, i si se me permite dicilo neste Pleno, incluso iría un paso máis alá i faría público a campaña que están a realizar nestes días de recollida de material escolar para remitir aos campamentos no mes de febreiro. Sei que, dende logo, eso non vai parte da declaración institucional pero considero que é pertinente tamén dar traslado á sociedade estradense de que esto se está a facer, porque si dende logo como corporación municipal colaboramos cunha declaración tamén deamos un paso máis alá i colaboremos, como dicimos, i como se recolle neste manifesto, coas distintas actividades que se fan a pro i en favor dos refuxiados saharauís, moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moitas gracias señora Louzao, ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Con este acordo o Pleno da Estrada mostra que está á altura dos veciños e veciñas da Estrada, veciños e veciñas que levan moito tempo demostrando e loitando e apoiando a loita do pobo saharauí pola súa liberdade, polo seu dereito a exercer como pobo democrático i exercer libremente o que queren ser i a onde queren chegar. E como xa digo os veciños e veciñas da Estrada levan moitos anos loitando apoiando ao pobo saharauí e como non podía ser menos os grupos políticos presentes nesta corporación apoian este tipo de...de medidas e apoian a loita do pobo saharauí.

Sr. Alcalde.- Moitas gracias señor Magariños, moitas gracias señora Louzao e moitas gracias doña Amalia Goldar. De feito dicirlles que me alegro moito tamén porque saben que hai un grupo de persoas que traballan de forma incansable a favor do pobo...do pobo saharauí, todos participamos de forma directa na medida das nosas posibilidades. I dicirlles tamén que este ano o Concello incrementa a súa aportación anual que se fai á...á asociación local, pasando de 6.000 euros a 10.000 euros, como foi o compromiso adquirido cos propios representantes da asociación do pobo saharauí, ou sexa eu creo que acreditamos cos feitos ese compromiso i creo ademais que están moi ben destinados para loitar pola causa, nobre causa que esta asociación ten no...no noso Concello da Estrada. Así que procedemos á votación deste asunto que é o ditame da Comisión de Benestar Social relativo á proposta declaración institucional de apoio ao pobo saharauí. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿votos a favor? Aprobámola por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta de declaración institucional da Corporación municipal para manifestar o apoio do Concello da Estrada ao pobo saharauí.

Visto que, despois de trinta e oito anos de ocupación do Sáhara Occidental por parte de Marrocos, a ONU segue fallando nas súas responsabilidades no proceso de descolonización do territorio. O feito de que a descolonización do Sáhara Occidental siga pendente aínda no orde do día do Comité de Descolonización e do Consello de Seguridade, é un claro exemplo do fracaso das Nacións Unidas no cumprimento da legalidade internacional nesta material; legalidade establecida pola Asemblea Xeral na Resolución 1514, de decembro de 1960, na que a Organización asume a responsabilidade de garantir que todos os países e pobos sometidos a ocupación colonial poidan exercer o seu dereitos inalienable á libre determinación e á independencia.

Visto que o Concello da Estrada, leva moitos anos apoiando e colaborando coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, apoiando programas e iniciativas que axuden a mellorar a calidade de vida dos saharauís, especialmente dos nenos e nenas dos campamentos de refuxiados, a través do programa Vacacións en Paz. Pero, ademais, desta colaboración, o Concello da Estrada quere manifestar institucionalmente o seu apoio ás lexítimas pretensións do pobo saharauí.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, en sesión de data 24-01-2014.

ACORDAMOS:

1º.- Manifestar o apoio do Concello da Estrada ao pobo saharauí, expresando a condena pola ocupación ilegal que fai Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamar a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquís, esixindo a liberdade de todas as presas e presos políticos.

2º.- Manifestar o apoio deste Concello á legalidade internacional, expresada pola Organización de Nacións Unidas en distintas ocasións, así como compartir o contido da Resolución 175/2007 do seu Consello de Seguridade, polo que se insta ás partes a negociar unha solución política xusta, duradeira e aceptable para o pobo

saharauí e a levar a cabo accións de acercamento das familias separadas polo conflito. Por outra banda, condenar toda vulneración e menoscabo dos dereitos fundamentais dos civís saharauís, e instar á ONU para que adopte as medidas necesarias para garantir os seus dereitos de reunión, asociación, educación, expresión e manifestación.

3º.- Cooperar directamente coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz).

4º.- Manifestar ao goberno galego e ao goberno de España a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, así como deixar constancia do apoio explícito deste Concello á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a esixencia de que Marrocos cumpra coas resolucións de Nacións Unidas.

5º.- Reclamar do Goberno de España o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos distintos campos de refuxiados e refuxiadas.

6º.- Dar traslado deste Acordo a:

- Presidencia da Xunta de Galicia
- Presidencia do Goberno de España
- Ministro de Asuntos Exteriores.
- Portavoces dos grupos políticos con participación no Parlamento de Galicia
- Grupos políticos con representación no Congreso dos Diputados
- Representante da Unión Europea para asuntos exteriores e política e seguridade.
- Embaixada de Marrocos no estado español.
- Representante do Fronte Polisario en Galicia
- Presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Alcalde.- Antes de pasar á parte de Control da Xestión ¿non sei se hai algunha moción de urxencia? Ten a palabra señora Louzao.

A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, RELATIVA Á DISPENSACIÓN DOS DISPOSITIVOS QUE HABILITARÁN PARA APARCAR EN ZONA DE ESTACIONAMENTO LIMITADO.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, a pesares de que a temos rexistrada, nos gustaría presentar hoxe por urxencia unha moción que fala da dispensación dos dispositivos necesarios para aparcар na zona de estacionamento limitado do noso concello. Como ben é sabido este grupo manifestou no seu día que consideraba que non era o momento de facer esta zona de estacionamento limitado posto que o necesario, i así o manifestamos no seu día, era crear prazas accesibles para todo e incrementar a capacidade de zona de aparcар no noso concello. Sin embargo traemos esta moción hoxe aquí porque unha vez tomada esa decisión, unha vez que o grupo de goberno

decidiu levar adiante esta medida, se achegan a nós os veciños nestes últimos días preocupados ante a incertidume do que vai a ser a dispensación dos dispositivos. Parece ser que vai ser inminente, de feito se trasladaba nos últimos días que se vai a proceder a repartilos na vindeira semana i se nos dicía i preguntábamnos na Mesa de Comercio pois cales iban a ser os criterios para o seu reparto i cal ía a ser o rexistro, o control que se iba a facer para a distribución dos mesmos. Como dicíamos, os veciños nos preguntaban nos últimos días i a pesares de que se ten dito que se van a distribuír pois sen criterios i sen control a aquelas persoas que os necesiten, aquelas persoas que os necesiten, que os soliciten i que os terán, dende logo si é así si o Concello está a disposición de manter iso, simplemente o que pedimos aquí, o que manifestamos i o que solicitamos é un acordo desta corporación municipal pola que o Concello da Estrada garante que esa dispensación se vaia a facer a todos os cidadáns asegurándose de que en ningún momento as entidades privadas poderán utilizar esta obrigación cidadá como ventaxa comparativa fronte a un servizo público. É dicir, o que...o acordo que nós solicitamos é na liña de que o Concello da Estrada se comprometa a distribuír de xeito igualitario i transparente a todos os cidadáns estes discos, sendo a administración quen teña capacidade para suministrarllos ante as dificultades que poderían surxir no suposto de que unha entidade privada que si mercara os discos os poida ter, mentras o Concello pois, por distintos motivos, xa non teña capacidade para distribuílos, i asegurándonos polo tanto dunha dispensación pública para facer fronte a un servizo que ten relación co solo público. Por iso o que pedimos i, si tal como se ten afirmado o Concello considera que así é, pedimos que se rectifique este acordo. Insisto o traemos por urxencia posto que se ten anunciado a inminente...o inminente reparto da distribución na vindeira semana, moitas grazas.

Sr. Alcalde.- Moi ben ¿algunha cuestión en relación á urxencia? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Simplemente mostrar o noso apoio a que se debata esta moción pero bueno, como ben sabemos pola prensa parece que vai ser inminente este reparto de...de discos e, bueno, é importante dar tranquilidade aos veciños e veciñas.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois sería polo menos cando mínimo indispensable poder contar cunha copia da moción que presenta o Partido Socialista. A verdade é que...a verdade é que non sabemos nin coñecemos cales son os termos desa moción, pero tamén sorprende un pouco...sorprende un pouco calquer tipo de dúbida que haxa sobre...sobre a garantía deste tema. Eu si lles parece...si lles parece un tema tan urxente podemos proceder a votalo, eu creo que o Regulamento é claro en relación a este tema, vostedes formaron parte do pleno e da Comisión que aprobou o Regulamento i a Ordenanza correspondente en canto a esta cuestión de estacionamento limitado i, si queren, pois non temos ningún tipo de inconveniente en debatir o que sexa preciso i darlle unha tranquilidade, que eu non percibín esa intranquilidade por parte dos veciños pero, bueno, si vostedes entenden que isto que lle da unha maior tranquilidade pois procedemos a debatir este asunto, así que votamos a urxencia. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor?. Ten a palabra a señora Louzao.

Apróbase a urxencia da moción por unanimidade.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, esa moción como dicía ten entrado por rexistro neste Concello fai uns días, por tanto entendíamos que iba dirixida ao Presidente da Corporación i Alcalde deste Concello, entendíamos que xa tiña coñecemento da mesma, non

pasa nada aí está. O único que estamos a pedir é, como xa dixen no seu día, manifestamos e debatimos sobre a oportunidade ou non de facelo i de acometelo, o que estamos a pedir agora é simplemente, como dicía o portavoz do Grupo do BNG, pois dar ese punto de tranquilidade aos veciños que nestes días se teñen dirixido a nós para preguntarnos que vai a pasar con esa distribución, que si hai que ser clientes de certos establecementos para poder obtelo, si non, si o Concello cantos vai dar por persoa, cantos non. Parece ser que a pesares de que se ten dito, o que dicía antes na miña exposición da urxencia, que se repartirán alegremente sin poñer límite, sin poñer límite aos mesmos, pois os veciños non teñen claro que vai a pasar, si teñen que pedilos en función dos coches, si non, si cando...se por algunha razón se estropeen a quen llos van a ter que ir a solicitar, ou si, como dicía antes, se teñen que dirixir, pois si aquí se acaban, se teñen que dirixir a algún establecemento en concreto. Como dicíamos o único que estamos a pedir é un acordo para dar tranquilidade aos nosos veciños garantizándolles que en todo momento o Concello da Estrada estará en disposición de poder facilitarlle este dispositivo de uso obrigatorio para poder aparcar nas nosas rúas, nas rúas, como dicíamos, de estacionamento limitado i así fixadas ao efecto. Por iso o que pedimos é iso, garantir que en todo momento o Concello terá a disposición dos veciños este...estes dispositivos, que llos vai a facilitar sen ningún problema i que, dende logo, non se vai a usar, como dicíamos no noso escrito, esa vantaxe non vai a ser unha vantaxe público, perdón, privada fronte ao público, de que haxa que acudir a ningún centro privado para pedilo, sinón que en todo momento o Concello vai a garantir que este é un servizo público i que se vai a dar a todos os veciños. Simplemente é un apoio un, perdón, un acordo, un compromiso, no caso neste caso da...do Concello da Estrada, garantizando que vai a ser un servizo público i que, polo tanto, os veciños poderán acudir en todo momento á administración local para facerse con estes dispositivos.

Sr. Alcalde.- Moi ben, señor Magariños ¿non? Bueno, eu creo que, hombre, é redundar un pouco no...no...na operativa normal, i creo que...que non hai outra...outra cuestión que non sexa a que xa se trasladou de forma por activa e por pasiva de como iba a ser o modelo ¿non?, o modelo...o modelo claro i transparente. O Concello adquiriu en torno a 9.000 unidades de...de discos i hubo empresas interesadas en adquirir en torno a 4.000 máis, que...que bueno, pois entenden que...que é unha forma de publicidade i así se permitía na Ordenanza i, polo tanto, pois as empresas repartirán as súas en función dos criterios que estimen convenientes i o Concello pois o repartirá en...en igualdade i en concurrencia como...como calquer outra actuación, é que non cabe doutra maneira. De feito houbo algunha proposta que entendemos que pode ser viable de que parte de eses discos os poida repartir a propia Asociación Comarcal de Empresarios ou a Asociación de Comerciantes da Estrada, entendemos que é un...bueno, pois unha referencia que poden ter cara ás persoas que poidan necesitalo no noso concello, i o resto se repartirá no Concello co criterio de a medida que se vaian entregando i se vaia agotando, i cun límite determinado, pois reposicionarán outra vez i se seguirán entregando mentres que sexa necesario. Eu creo que...non creo que agora vaia existir un acopio masivo de discos da hora, vamos, non creo que nadie queira coleccionar discos e telos agochados na mesita de noite, entendo que...que...é que non entendo cal pode ser o obxecto desta moción, o que si está claro é que se fixo unha estimación en función do censo de vehículos que pode haber no...no noso concello, se fixo pois para cubrir aproximadamente o 70 ou 80 por cento de forma inicial do censo total de vehículos que poden necesitar o uso deste distintivo, polo tanto falamos de vehículos basicamente o 100 por cen de...de camións ou furgonetas

nun 80 por cento, i despois outros vehículos a motor pois non o van a precisar. I...i entendemos que bueno pois que é unha fórmula axeitada para...para que...paliar en certa medida o problema de utilizar as prazas, determinadas zonas de prazas de estacionamento público, como case prazas de estacionamento privado por persoas que as ocupan durante todo o día i favorecer a rotación. O que si é importante destacar é que isto non é unha medida recadatoria, isto non se lle vai a cobrar a ninguén nin polo disco nin polo aparcamento, a ninguén, polo tanto non é un sistema ORA como se fala nalgunhas ocasións, que hai que pagar por estacionar, non se vai a pagar nada, é un sistema de aparcamento en superficie gratuito pero de estacionamento limitado unhas horas...un horario máximo dunha hora e media para poder estacionar o seu vehículo coas...mediodía de...de 13:30 a 16:30 non hai horario de estacionamento limitado, polo tanto pode aparcar en calquera...en zona hora, e a partir das 19:30 da tarde tamén, polo tanto queda exclusivamente nesas horas punta onde o comercio local precisa que haya unha maior rotación de vehículos i onde se lle da un tempo creo que prudencial aos usuarios para que poidan aparcar os seus vehículos, poidan facer as compras oportunas i teñan que retiralo nun prazo dunha hora e media. Si é certo que no caso de que non se cumpra ese...o establecido nesa Ordenanza i se exceda de ese estacionamento máximo limitado, habrá un sistema de sancións que é moi inferior ao que está establecido agora mesmo pola Lei de Tráfico, que serán, me parece, que no peor dos casos, 80 euros cunha redución do 50 por cento, sería unha sanción de 40 euros no caso de que se exceda ou non se cumpra co establecido na Ordenanza ¿non?

Pero non...non...nin percibimos aglomeracións por preguntar polo disco horario nin tampouco percibimos esa preocupación, pero o que si podemos garantir é que se vai a producir ese reparto de forma equitativa Concello, ACOE, ACE i as empresas que tiveron a ben sufragar o coste da emisión desos discos, pois os repartirán como eles estimen oportuno i conveniente, i o Concello ten un...un...un número determinado que por debaixo de ese fará unha reposición de discos para poder seguir dándolle aos veciños...non espero que haxa colas masivas no Concello para acopiar discos da zona azul na Estrada, espero...espero que así sexa, así que nesa liña pois procedemos si lles parece a votar esta moción que creo que é reiterada e repetitiva pero o podemos facer igual. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor?. Apróbase esta moción

Sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 01-02-2014 (RE nº 934) polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, e que se transcribe de seguido:

“O goberno municipal da Estrada decidiu en xullo de 2013 impoñer un sistema de aparcamento limitado nalgunhas das rúas céntricas da vila. Varios meses despois, e logo de distintas informacións -incluso contraditorias- difundidas polo goberno municipal en prensa durante este tempo transcorrido, o Concelleiro de Promoción Económica fixo público recentemente a inmediata distribución dos distintivos de uso obrigatorio polos cidadáns.

Ante a ausencia de coñecemento polos veciños da Estrada dos criterios de distribución que se empregará, o grupo socialista da Estrada solicitou aclaracións ao respecto durante a Mesa de Comercio celebrada o martes 28. A resposta obtida foi que non se teñen establecido criterios de reparto nin sistema rexistro de entrega dos mesmos. Apuntándose unha vez máis que o distintivo obrigatorio se poderá recoller en dependencias municipais e Asociacións colaboradoras, e mesmo incluso que algunhas

entidades privadas, inda sen determinar, disporán dos citados distintivos para agasallar aos seus clientes.

Ante a falta de definición dos criterios a empregar na distribución dos distintivos obrigatorios, e en aras de transparencia e acceso en condicións de igualdade dos veciños á obtención do citado distintivo obrigatorio, o Grupo Municipal Socialista da Estrada, propón ao Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

O Concello da Estrada garante a dispensación do distintivo necesario para poder estacionar nas rúas habilitadas como zonas de estacionamento limitado a todos os veciños que o soliciten, sendo facilitado pola propia administración municipal, e coidando que en ningún momento a administración se vexa privada de distintivos para a súa distribución en condicións de igualdade a toda a cidadanía, evitándose en todo momento que as entidades privadas poidan utilizar esta obriga cidadá como vantaxe comparativa fronte ao servizo aos cidadáns da Administración Local.”

Ante o anterior, apróbase por unanimidade, a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Concello da Estrada garantirá a dispensa do distintivo necesario para poder estacionar nas rúas habilitadas como zonas de estacionamento limitado a todos os veciños que o soliciten, sendo facilitado pola propia administración municipal, e coidando que en ningún momento a administración se vexa privada de distintivos para a súa distribución en condicións de igualdade a toda a cidadanía, evitándose en todo momento que as entidades privadas poidan utilizar esta obriga cidadá como vantaxe comparativa fronte ao servizo aos cidadáns da Administración Local.

B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBEIS, REDUCINDO O TIPO DE GRAVAME AO 0,275.

Sr. Alcalde.- ¿Algunha outra moción de urxencia? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Unha moción que presentamos por rexistro o 29 de xaneiro que ven motivada, a urxencia, porque bueno, dada a medida que ten tomado o grupo de goberno de subir os tipos impositivos, perdón, os tipos impositivos non, a base impositiva dos bens inmobles para baixar, según o grupo de goberno, o tipo impositivo para o Imposto de Bens Inmobles ao 0,4, como di a disposición adicional décimo terceira do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, naqueles municipios no que resulte de aplicación o previsto no artigo 32.2 do texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto legislativo 1/2004 do 5 de marzo, o prazo para aprobar e publicar o tipo de gravamen do Imposto sobre Bens Inmobles amplíase ate o 1 de marzo do exercicio en que se aplique o correspondente coeficiente. O 1 de marzo ven aí, sigue sen estar elaborado esta Ordenanza e corremos o risco seguro de que nos podamos atopar que os...a base impositiva subeu un 10 por cento i encima teñamos a...o tipo nun 0,6 e non nun 0,4 como quere o goberno. Ademais nós engadímoslle que aproveitando os distintos, podemoslle chamar, resquicios legais que deixa a distinta lexislación, entre eles este propio artigo 32.2 no que se basa o goberno, é posible poñer o tipo de gravamen no 0,275 por cento, e dado que non está a situación económica de ninguén, especialmente os veciños e veciñas da Estrada, non hai máis que ver as publicacións de emprego estes días nos medios de comunicación, é necesario baixar esta carga fiscal sobre os veciños e veciñas da Estrada. Entonces pensamos, non é que pensemos, cremos, estamos seguros de que a lei

permite irnos a este 0,275 por cento, garantiza o que marca a lei que ten que subir a recadación con respecto ao 2011 un 20 por cento, e, como xa digo, o 1 de marzo está aí e aí ven a urxencia.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.-Moi ben, ¿algunha intervención en relación á urxencia? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, entendemos a urxencia que se plantea, efectivamente o 1 de marzo está próximo, ben, aceptamos i nos parece ben debatir esta moción posto que entendemos, como dicía a urxencia, compartimos que é necesario facer unha modificación i baixar o...pois o que...o que teñen que cotizar por este imposto os veciños e as veciñas, porque dende logo o mercado inmobiliario sufriu os reveses que sufriu i é abusivo o que se está a cobrar aos nosos veciños e veciñas. Por iso, insisto, compartimos a urxencia desta moción i vamos a votar a favor da mesma.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois si queren debatir sobre esta cuestión está claro que nós tamén queremos debatir sobre esta cuestión, sobre todo para desmontar a cantidade de mentiras que hai en relación a este tema ¿non? Eu creo que é certo que non hai peor cego que o que non quere ver i tamén é certo que, bueno, repetir mil veces unha mentira non a convirte nunha verdade. Cada un pódese empeñar en insistir, eu creo que nunca, poucas veces vin na miña...na miña...nos meus anos de...de experiencia política retorcer a realidade de tal forma i...i mentir dunha forma tan descarada para intentar enganar a un grupo de persoas que poden crer i, desde logo, que iso lle podo garantir que debilita a credibilidade política de calquera persona que intente defender unha postura, que está radicalmente ao marxen da lei i, ademais, que non se sustenta absolutamente en ningún principio, e que nin o propio artigo que di vostede se refire ao que está dicindo que se refire. I eso claro é dunha extrema gravidade que eu creo que deberemos de intentar aclaralo para que, independentemente de que cada un teña a súa opinión e o seu criterio, polo menos...polo menos que non se siga construindo unha mentira en relación a un tema que, desde logo, eu creo que xa lle digo que me parece extremadamente grave o que se...o que se está facendo i o que se está interpretando en relación a esta cuestión.

Así que eu encantado de debatir este tema i creo que este goberno tamén está encantado, i de falar das medidas que puxemos en marcha para intentar compensar o que si foi unha elevada subida en relación ao Imposto de Bens Inmóbles e ás medidas que se tomaron para poder, dentro da legalidade, poder rebaixalo.

Así que procedemos a votar esta cuestión si lles parece, a urxencia. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor? Pois ten a palabra señor Magariños.

Apróbase a urxencia da moción por unanimidade.

Sr. Magariños do BNG.- Bueno, como ben sabemos, dende o ano 2011 o incremento nos recibos do IBI, do que é a contribución, sufriu unha subida importante dun 150 por cen. O goberno do Partido Popular da Estrada sigue mantendo en que hai que seguir aumentando esta carga impositiva sobre os veciños e veciñas da Estrada, e o goberno municipal, escudándose nos artigos no que me referín antes, decide subir un 10 por cento a base impositiva, ou sexa o que sería o valor dos bens inmóbles, para, según o goberno do Partido Popular, baixar automaticamente ao 0,4. Non lle vamos a negar que poida baixar ao 0,4, pero para baixar ao 0,4 é necesaria a aprobación

dunha modificación da Ordenanza reguladora que diga que se baixa ao 0,4.

(Ruído no público)

Sr. Magariños do BNG.- Pero dígame ¿onde pon literalmente que non é necesario, que non é necesario aprobar a Ordenanza reguladora de bens? ¿Onde o di? ¿En que artigo o di? ¿En que artigo o di? Nos podemos atopar...nos podemos atopar co perigo, non lle discuto que poidan atopar...e que poidan utilizar algún resquicio legal para facelo, iso non llo discuto, pero dende logo non hai ningún artigo de todas as leis que manexan para facer esta subida do 10 por cento no valor de bens inmobles que pase automaticamente ao tipo impositivo do ano 2011, ao 0,4, en ningún sitio, en ningún sitio. O que si di é que para baixalo hai que aprobar a modificar a Ordenanza reguladora e antes do 1 de marzo, senón podemos atoparnos co 0,6 incrementado nun 10 por cento, nun 10 por cento ¿que utilicen algún resquicio legal que ten a lei?, pode ser, pero utilizando ese mesmo resquicio legal podemos ir ao 0,275 por cento e cumprimos o único que di literalmente a lexislación, que hai que garantir que se incrementan con respecto ao ano 2011 o 20 por cen, i este tipo de gravamen garantízao escrupulosamente, subirían o 20 por cento con respecto ao 2011, ao contrario que a medida que quere aproveitar...aprobar o goberno que subiría un 75 por cento, creo que a diferenza é importante, que quere aproveitar sempre e cando se aprobe esta Ordenanza reguladora porque senón ímola a atopar con 0,6 perdón, cun 0,66, porque tería que subir un 10 por cento. Porque xa digo o tipo mínimo será o 0,6, senón dígame onde di que pasa automaticamente sen ter que aprobar ningunha Ordenanza, ningunha modificación da Ordenanza reguladora ao 0,4, ou sexa ao tipo mínimo do ano 2011, e que non o di literalmente en ningún sitio, en ningún sitio. E como xa digo, propomos, dado que o artigo 72.5 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais dispón que nos concellos nos que entre en vigor os novos valores catastrais de inmobles urbanos resultantes de procedementos de valorizacións colectiva de carácter xeral, que é o que quere facer este grupo de goberno, os concellos poderán establecer durante un período máximo de 6 anos tipos de gravamen reducidos que non poderán ser inferiores ao 0,1 por cento nos bens inmobles urbanos, e despois, a continuación, a disposición adicional décimo terceira da mesma Lei fixa como data límite para publicar a modificación da Ordenanza reguladora do IBI o 1 de marzo. Nós xa non lle dicimos que vaian ao 0,1 por cento porque iso si que incumpriría a Lei, porque a Oei repito o único que di literalmente é que hai que garantir que con respecto ao ano 2011 se cobre...se recade un 20 por cento máis. I xa digo, a nosa...a proposta do BNG cumpre a Lei porque se recada o 20 por cento máis, i o resto se basa exactamente nos mesmos principios que se basa o grupo de goberno do Partido Popular, exactamente nos mesmos, seguimos os mesmos artigos de todas as leis, non inventamos ningunha lei nova, e senón dígame onde o di literalmente que baixa automaticamente ao 0,4, ao 0,4 porque o tipo mínimo que tiñamos no 2011, e que non o di en ningún sitio.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- ¿Rematou vostede non? Acaba...acaba de contestarse, a súa intervención de dez minutos acaba de contestarse vostede soíño ao final, se acaba de facer vostede a contestación. Despois lle contesto eu a...non, non, ten a palabra señora Louzao, despois prefiro contestarlle...contestarlle aos dous.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Moi amable señor Alcalde, moitas gracias. Ben, vamos a ver, dende logo a situación do IBI no

noso concello non se lle escapa a ninguén que é unha situación de incrementos abusivos, que en dous anos se teña incrementado un 140 por cento coas economías tal e como están i como sabemos que as variacións que ten sufrido o mercado inmobiliario atenta, dende logo, contra calquera principio de economía doméstica. Sufre, dende logo, un incremento sin precedentes, un incremento que debemos como corporación i temos a obrigaón de facer todo o posible por modificar, eso irá evidentemente na necesidade de facer unha modificación do...da porcentaxe, unha modificación dos valores catastrais, unha remodelación ou o que sexa necesario, i que teremos que estudar i de feito nos comprometemos nesta corporación a ir iniciando os estudos e a facer muestreos de como quedaran. Ben, non temos coñecemento de que se estea a facer isto i nos comprometemos, insisto, todos, a comezar ese estudo por consenso i traballar conxuntamente en beneficio dos nosos veciños. Sin embargo, como dicíamos, o que está claro é que o goberno do Estado o Partido Popular decidiu prorrogar ese incremento que se fixera unilateralmente i abusivo para os anos 2014 i 2015. Ben, a corporación municipal da Estrada trouxo este asunto a un Pleno, i en solitario o grupo de goberno decidiu incrementar o valor catastral un 10 por cento, facendo un incremento que nós consideramos no seu día i o volvemos a dicir que, dende logo, o que por un lado por un resquicio legal podería beneficiar de rebote nun 20 por cento aos veciños, dende logo, se lle vai a sacar por outro, porque ese valor catastral que vai a quedar aí ata que exista unha modificación definitiva do mesmo, ese valor catastral vai a afectar i afecta, dende logo, aos veciños e as veciñas para outro tipo de taxas e outro tipo de taxación sobre os seus bens e os seus valores. Como dicíamos, ese resquicio legal que decidiu utilizar o grupo de goberno nesta ocasión, pode ser pan para hoxe i fame para mañán, o temos dito i o temos manifestado i, dende logo, i consideramos que o camiño non é enrocarse na exposición sinón que é estudar e traballar a favor dos veciños e das veciñas. I por iso esta corporación municipal, i apoiábamos esta urxencia, por iso cremos que debemos cando menos estudar i asegurarnos legalmente para iso temos persoal no Concello, temos técnicos xurídicos, temos, dende logo, técnicos que fiscalizan o noso Concello, i eu penso i esta é a proposta que fai o Grupo Socialista ao respecto que non se enroquen vostedes nas súas posicións, que non discutan un contra o outro e dende logo que non perdan as formas, porque ese non é o camiño de defender aos veciños. Pero si pode ser que convoquemos unha Comisión urxente, que estudemos esa aportación que fai o BNG, que pidamos os informes pertinentes ao respecto do mesmo i, en todo caso, se fora necesario, convocásemos Pleno extraordinario antes do 1 de marzo para solucionar esta situación, dende logo, cando menos estudalo porque, dende logo, enrocarse nas súas posicións políticas non nos arranxan nada. I é certo, existía ese resquicio legal que nós no seu día dixemos i volvemos a manifestar unha i outra vez, subir o valor catastral dende logo é pan para hoxe i fame para mañán, ¿que vai a pasar no 2015?, ¿Que vai a pasar nos vindeiros anos, nos seguintes? Esta subida que fixo o grupo de goberno de xeito unilateral vai a afectar aos veciños.

Por iso vaos a tomar postura, vamos a tomar postura pero de xeito legal, de xeito basándonos nos informes dos nosos xurídicos i dos nosos técnicos. Estamos a tempo de traballar polo ben dos nosos veciños i aí queda a nosa proposta, convoquemos Comisión urxente para estudar esa moción que presenta o grupo do BNG cos informes técnicos necesarios sobre a mesa, urbanísticos i de intervención i fiscalización, moitas grazas.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Bueno, moi ben vamos a intentar facer un argumento algo armado ou con algún fundamento lóxico, xa non digo xurídico ou legal, digo lóxico xa para non...Eu creo que non convén...convén defender posicións políticas, eu comparto i creo que sempre fun respetuoso coas distintas formas de visión política que existen neste...nesta corporación, neste Pleno, creo que respecto profundamente... pois... calquer argumento que se poida sustentar en algún principio lóxico e razoable, e esto non ten...non ten parangón. Ou sexa, eu quero...quero entender...quero entender ou quero crer que vostedes están intentando construír unha mentira para ter unha estratexia política, porque si realmente o que din non o din nesa dirección, si o din porque realmente cren o que están dicindo, a verdade é que o nivel da oposición neste Salón de Plenos, nesta corporación é bastante...bastante lamentable, bastante baixo, porque non dixeron ningunha soa verdade. Eu podoo...eu podoo...non, non, é que é unha mentira...é unha mentira detrás...é unha mentira detrás de outra i eu creo que hai que intentar...hai que intentar...si, eu creo que hai que intentar montar argumentos cunha mínima razón ou cunha mínima verdade ¿non? I esto é un despropósito, pero un detrás doutro, que non existe nin o máis mínimo coñecemento do que é lexislación actual. Eu coincido en que terán que sentarse como dicía a portavoz do Socialista i estudialo, terán que estudialo vostedes, porque realmente é lamentable...lamentable os argumentos peregrinos que utilizan vostedes para intentar xustificar algo no que estou convencido que non cren, porque é imposible que crean no que están dicindo, é materialmente imposible, porque é que non...nin sequera se pararon a ler o espírito da lei, nin sequera se pararon a ler a lexislación. Fala o señor Magariños dun Decreto que está modificado ata en tres ocasións, o decreto do 2004 que vostede fai referencia, está modificado pola Lei de Presupostos Xerais do Estado i está modificado por un Decreto Lei que aprobou o Consello de Ministros, está modificado ata tres veces para cambiar as distintas posibilidades. O artigo 32.2 ao que fai referencia vostede, é a posibilidade de que os concellos españoles se acollan á aplicación de coeficientes de actualización de valores catastrales, aspecto que por outra contra, xa llo digo, na época socialista ían implícitos directamente na Lei de Orzamentos do Estado, cada ano había un coeficiente de actualización, os valores catastrais non estiveron estáticos dende que se aprobou a ponencia de valores senón que había uns coeficientes correctores que se deixaron de aplicar. I polo tanto, o que di ese Decreto é que aqueles concellos que queiran acollerse á aplicación de coeficientes, o poderán facer i se modifica esa data de 30 de marzo para o ano 2013, hasta o 15 de novembro do ano 2013, iso aparece modificado nun Decreto Lei do goberno que foi ao que se acolleu este concello. I ¿por que se acolleu este concello a esa situación excepcional? Porque a Lei de Orzamentos deste ano 2014 establecía unha prórroga das medidas extraordinarias adoptadas polo goberno central para o ano doce i o ano trece para que os concellos que tiveron unha ponencia de valores aprobada antes do ano 2002, como é o caso do concello da Estrada, tiveran que aplicar o incremento do tipo impositivo do 0,4 ao 0,6 de forma excepcional, aínda que o seu tipo impositivo recollido correspondente á ordenanza fiscal está no 0,4 señor Magariños, aquí nunca se modificou o tipo impositivo, o tipo do IBI no Concello da Estrada é o 0,4 que, por outra banda é o tipo mínimo legal, e vostede está dicindo "non, non, é que cumprimos coa legalidade aumentamos o 20 por cento", señor Magariños, e que a legalidade é que o tipo mínimo impositivo do IBI é o 0,4, solo...solo se pode modificar, solo se pode correxir ca aplicación, como di vostede i utiliza mal, di ben pero utiliza mal, dunha valoración colectiva de carácter xeral ¿e sabe vostede o que é eso? Non é a aplicación do coeficiente señor Magariños, é unha ponencia de valores, unha valoración colectiva de carácter xeral é unha ponencia de valores,

valoración colectiva ou denominada ponencia de valores. Entonces, non pretendan retorcer a realidade e enganar á sociedade, i senón dígame vostede que unha valoración colectiva de carácter xeral é unha actualización de coeficientes catastrales, entonces si que o nivel...o nivel, dende logo, xa queda máis baixo do que eu falaba inicialmente. Esa valoración colectiva é unha nova actualización dos valores catastrais no Concello da Estrada de forma xeral, o que se convirte i o que denominamos aquí tantas veces ponencia de valores, que foi, i aquí hai xente que o pode saber, exactamente o que pasou no ano 1996 señor Magariños. Cando vostedes fixeron o encerro no ano 2002 i aquí hai persoas que participaron naquela cuestión ¿por que se baixou o tipo impositivo do 0,4 ao 0,27? ¿Por que? ¿Por que? O tipo impositivo era o 0,4, o mínimo legal establecido, ¿por que se baixou ao 0,27?, porque houbo unha nova ponencia de valores no ano 1996. No ano 1997, para axustar esa nova ponencia de valores á realidade i non aplicar un incremento desproporcionado inicial a todos os veciños de forma lineal, se estableceu unha medida compensatoria que era baixar do 0,4 ao 0,27, i esa medida compensatoria permitía que durante 6 anos, que é o que vostede está propoñendo, se mantivera o tipo impositivo ou se fora correxindo ata que o ano 6 se volvесе a aplicar o 0,4. O goberno daquel momento non fixo ese incremento anual para chegar ao 0,4 i chegou o ano 2002 i houbo que aplicar a subida do 0,27 ao 0,4, i aí foi donde vostedes capitanearon unha mobilización en contra da subida do IBI. Eso, exactamente eso é a referencia que está facendo vostede agora mesmo nesta cuestión, é exactamente esa situación. Polo tanto, a única forma, i xa llo dixen no anterior debate i vostede non o quere entender, de que poidamos aplicar un tipo reducido por debaixo do 0,4 é unha nova ponencia, punto. Non ten que haber unha nova publicación do tipo impositivo, o tipo impositivo do IBI na Estrada é o 0,4 nunca se modificou, nunca. A Ordenanza fiscal, i parece mentira porque vostede forma parte desta corporación, a Ordenanza fiscal reguladora do IBI nunca se modificou no seu tipo impositivo, polo tanto o que dicía o Decreto Lei do goberno é que para o ano doce i para o ano trece se...non se terán en conta os tipos aplicables polos Concellos i se aplicará, de forma indiscriminada, para todos os Concellos un incremento, para o doce o 0,5 i para o trece o 0,6, caso no que está o Concello da Estrada. I a partir de aí, no catorce se volvía a aplicar o noso tipo impositivo, porque era unha medida excepcional, tomada por unha lei de rango superior que, de forma temporal durante eses dous anos, anulaba a Ordenanza reguladora que tiveran aplicados os Concellos, pero a Ordenanza reguladora segue en vixencia i, polo tanto, ao remartarse ese período excepcional que decreta o goberno automaticamente pasamos á nosa Ordenanza que é o 0,4. ¿Que problema temos adicional? Que o goberno tomou a decisión de prorrogar esa medida para o ano catorce i o ano quince, i na Lei de Orzamentos onde fai referencia á Lei do Catastro, i onde fai referencia aos tipos impositivos, i léase vostede a Lei de Orzamentos do Estado do ano 2014, fala expresamente desta cuestión i di, como unha disposición transitoria da Lei, que todos os Concellos deberán prorrogar a subida adoptada de forma excepcional polo goberno central i deberán manter os seus tipos impositivos no 0,6, a excepción de tres casos, aqueles Concellos que tengan unha nova ponencia de valores neste ano ou no ano que ven, aqueles Concellos que fagan, acolléndose ao artigo 32.2, unha nova actualización de valores catastrais, polo tanto fixan a táboa de actualización de coeficientes i esa táboa é o incremento lineal do 10 por cento dos valores catastrales, polo tanto aumentas o valor catastral un 10 por cento i automaticamente xa non estás no suposto de aplicación da prórroga do incremento do tipo impositivo, i, polo tanto, o Concello da Estrada foi un dos argumentos legais que escolleu para acollerse a ese incremento de coeficientes i, polo tanto, automaticamente segundo a Lei de catastro, a Lei de

Orzamentos en vigor, que son os que establecen esa prórroga do tipo impositivo queda sen efecto i a nós non nos afecta como non lle afecta a outros concellos que teñen a ponencia de valores aprobada no ano 2009 ¿por que nos afecta a nós?, porque nós a temos do ano 1997. I, polo tanto, a Lei di aqueles concellos que a teñan aprobada antes do ano 2002 hai que subir os tipos impositivos ao 0,6 porque os valores están desactualizados, aqueles Concellos que a teñen aprobada despois do ano 2002 algúns deles só a teñen que subir ata o 2005 o 10 por cento i os que teñan a ponencia de valores aprobada despois do 2005 non teñen que subir o tipo impositivo i as que a teñen aprobada nos dous últimos anos incluso a poden baixar. Pero eso é o que di a Lei, a Lei de Orzamentos que establece unhas medidas transitorias, no momento en que nós non estamos suxeitos a esas medidas transitorias porque adoptamos un dos supostos de excepción, automaticamente volvemos á nosa normalidade que é o noso tipo impositivo regulado pola nosa Ordenanza fiscal, señor Magariños é así de sencillo i é así de fácil. Nós buscamos un sistema para non acollernos a unha medida excepcional que toma o goberno que afecta a todos os Concellos excepto a aqueles que estén nesta situación de excepción. Por certo, Concellos que fomos máis de 2.400 concellos en toda España que fomos os que nos acollimos a este sistema para poder baixar o tipo impositivo i volver a un tipo impositivo, i ademais, a Estrada ten o tipo impositivo mínimo fixado por Lei que é o 0,4, o único Concello do noso entorno i dos Concellos de máis de 20.000 habitantes que temos o tipo no 0,4 ,o único.

Temos, ademais, unha...é certo unha...unha...unha cuestión que foi un incremento de valor, pero fíxese vostede o que é claro a utilización das cifras ¿non? Eu voulle a poñer un exemplo, se sube o recibo do IBI de 50 a 100 euros a oposición dirá que subeu o recibo da contribución un 100 por cen, claro, pero cando ao ano seguinte baixe de 100 a 50 a oposición non vai a dicir que baixou un 100 por cen, non, vai ser que baixou un 50 por cen i, claro, ese xogo de cifras fai que o Partido Socialista e o BNG utilicen que o recibo incrementouse un 120 por cento, pero é que agora solo vai a baixar un 27, no, no, no, claro que no, vai a baixar un 60 por cen con respecto a como estaba anteriormente. Entonces, se enganamos así e utilizamos as cifras i as retorremos de forma torticera eu digo "oye, os veciños da Estrada o ano que ven van a pagar un tercio menos, un 33 por cento menos do que pagaron este ano". É certo que sufriu, i é no único que coincidimos, é certo que sufriu un incremento pola anulación da bonificación i pola medida transitoria establecida polo goberno. Nós dixemos: a anulación da bonificación asumímola politicamente, é o coste que temos que pagar, mentres que un Concello como Lalín estaba cobrando 4.000.000 de euros de IBI a Estrada estaba cobrando 900.000 euros, i, desde logo, eso fai insostible unha situación dun concello como o noso. De todas formas aínda aplicando o tipo do 0,6 i aínda aplicando o tipo do 0,4, case, case estamos na mitad da recadación dun Concello como Lalín ou na...na...na...no 60 por cento da recadación dun Concello como Teo, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, que é máis pequeno que nós, ou por debaixo...ou por debaixo da recaudación, incluso cando estábamos co tipo bonificado, por debaixo da recaudación do Concello de Forcarei, un concello que ten 5.000 habitantes ¿non?, ou 4.000 habitantes. Entonces, as cousas teñen que ter, i eu lles enseñé o outro día, i llo ensino moi a gusto, como dentro de... (i o publica un periódico de tirada autonómica) o Concello da Estrada dos 25 concellos do entorno de Santiago é o que ten a presión fiscal máis baixa aínda a día de hoxe de todos os concellos da contorna, i lle podo garantir que hai, non moitos pero algún, cada vez menos, gobernados polo BNG, i tamén algún gobernado polo Partido Socialista, i outros gobernados polo PP, i somos o Concello que menor presión fiscal por veciño ten, pero a nós non nos satisfai porque nós entendemos que foi...se pideu un esforzo aos veciños que

eu persoalmente creo que o entenderon, a bonificación... a anulación... á bonificación para polo menos chegar a unha recaudación máis ou menos asumible en canto á dimensión do noso Concello. Si, non compartimos, e así o fixemos público, de ningún caso ese incremento do tipo impositivo ao 0,6, i lle podo garantir que buscamos, que traballamos, que nos reunimos en máis de cinco ocasións co Xerente do Catastro, que buscamos as solucións técnicas i xurídicas no propio Concello cos técnicos municipais, que lle dimos todas as voltas posibles, que fixemos toda a presión política para que ao final os Concellos tivéramos un resquicio polo que acollernos para asumir o que nos corresponde, que é ter a nosa autonomía fiscal. O goberno do estado pode subir o IBI...o IVA i os Concellos non nos queda máis remedio que protestar, pero o IBI é unha autonomía fiscal municipal i, polo tanto, non defendíamos esa inxerencia do goberno central nas nosas competencias, así o fixemos saber, i encontramos un resquicio para poder salirnos desa disposición adicional transitoria que aprobou o goberno, e nós volvemos á nosa normalidade, i a nosa normalidade é aplicar o tipo impositivo do 0,4 i volver outra vez ao noso compromiso que tiñamos cos veciños i eso vai a facer como dicía antes que os recibos este ano 2014 baixen un tercio i o Concello da Estrada pase de recaudar 2.700.000 euros a recaudar algo menos de 2.000.000, 1.900.000, i volvemos a unha situación máis ou menos aceptable cunha carga fiscal que eu entendo que é razoable para un Concello como o noso ¿non?

Por eso todo o resto i todas as voltas que vostede lle está dando, i todas as invencións, i todas as referencias, a que se unha...unha...unha actualización xeral de valores catastrales significa unha aplicación de coeficientes, que é unha auténtica barbaridade a nivel xurídico, i todo o que di vostede de que si...si o tipo...o 20 por cento...garantizamos o 20 por cento cando o tipo mínimo obrigatorio é o 0,4, i todas esas cousas, claro é construír un castillo no aire que o único que pretende, bueno, pois intentar trasladarlle a un grupo de veciños unha gran...unha gran mentira, unha gran mentira que nunca, nunca xamais se vai a converter na realidade. I polo tanto, vostede o sabe, i eu considéroo unha persona coherente, i o considero unha persona capacitada i que normalmente se prepara bastante ben os debates, creo que neste caso está completamente xogando fóra de xogo i non fala pola súa boca, eu creo que vostede falará en representación da executiva do seu partido pero non fala por vostede, porque vostede non é capaz de sustentar ese argumento en ningunha das posicións que vostede mantén, en ningunha, en ningunha. I, polo tanto, si vostede se quere enrocar en ese aspecto i pensa que eso pois lle vai a dar algún recorrido, eu lle digo que a verdade é que está cometendo un erro gravísimo, pero bueno, é vostede responsable da súa actuación, i eu creo que...que debería de reconsiderar, i si é certo que hai argumentos, i si é certo que eu acepto o desgaste desa subida do tipo impositivo, i é certo que este goberno tomou unha decisión, eu non o vou a negar, i que anulamos unha bonificación, i que entendimos que nese momento era o necesario para salvar a situación económica dun Concello que estaba en banca rota, que estaba en quiebra técnica...

(Ruído do público)

Sr. Alcalde.- que non podía pagar...que non podía pagar aos seus provedores, que foi capaz de facer un esforzo para ter deuda con provedores cero, cando collimos débeda con provedores por máis, según os papeis de intervención, de 2.900.000 euros, según a realidade 1.800.000. I asumimos...asumimos o pago de todas esas facturas sin ter que solicitar nin unha soa operación de crédito i sin ter que recurrir a ningunha operación de endebedamento. I para eso evidentemente entendíamos que había que facer un esforzo, así o

pedimos i así o entendimos, o resto...eu non vou a entrar en ese tipo de argumentos porque, desde logo, se caen por si solos. ¿Non sei se hai algunha intervención? Ten vostede a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Si, como ben falaba, falaba de dúas cuestións importantes, de espírito de lei e resquicios legais. Non se trata de espíritus, porque os espíritus cada un podemos ver o noso, dende o BNG o espírito, para nós ese espírito da lei ao que vostede fai referencia, ou o propio resquicio legal, permite a medida que nós dicimos, porque para nós hai que aprobar esta moción, esta Ordenanza reguladora, esta modificación da Ordenanza reguladora antes do 1 de marzo, e permite, xa digo, este resquicio legal ir ao 0,275. Unha medida que paliará a situación económica grave que están sufrindo os veciños, porque están sufrindo a situación económica, aínda agora veño do Consello Escolar do IES N° 1 e alí contaban o problema, que o sacaba a palestra unha alumna, o problema que están tendo moitos rapaces que neste momento non poden utilizar os seus ordenadores na casa porque non poden ir a internet, porque tiveron que deixar de pagalo porque non dan pagado internet. Estamos nunha situación económica grave, a medida que nós propoñemos, basándose en resquicios legais, seguindo resquicios legais, permite facerse, na mesma maneira que como ben dixo "nós mantivemos unha reunión co delegado de Catastro e hai un resquicio legal", efectivamente, hai resquicio legal, eu non lle digo que non, seguiron un resquicio legal, está ben, pero é que nós decimoslle que sigan ese resquicio legal e vaian a medidas moito máis ambiciosas, moitísimo máis ambiciosas. É decisión política súa, dende logo van a... teñen que asumir a súa decisión política pero o poden facer si queren, o poden facer si queren.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Vamos a ver, señor Magariños vamos a ver, vamos a ver, vamos a ver. Eu, permítame que lle diga, pero creo que non... non ten máis discusión este tema, eu creo que está vostede rozando... bueno... pois aspectos que eu creo que non lle pegan moito ¿non? Ou sexa, que si nos queremos...non, vamos a ver, se nós queremos non, esto é unha cuestión de legalidad ou ilegalidad, é unha situación de xustiza ou de inxustiza, punto, xa está, non hai máis voltas que darlle. I o que vostede está dicindo é ilegal non, é...está fóra da legalidad, está fóra de calquera posibilidade legal, señor Magariños, vamos a ver, é que vostede... claro... eu entendo que sempre foi o seu debate... o tema do IBI, vostedes colleron a bandeira no ano 2002 e pensaron que con iso iban a algún sitio. No ano 2002 tiñan catro concejales, no ano 2007 tiveron tres e no ano 2011 tiveron un, sigan con esa bandeira, sigan vostedes por ese camiño, intentando coller unha bandeira de non sei que, intentando enganar, porque esto non é enganar, esto é mentir, i mentir, i ten unha gravidade ademais, que é mentir a sabendas de que está mentindo, e eso é todavía máis grave, porque se o fai por descoñecemento aínda bueno, pero claro... retorcer esta situación ata tal punto de contar esta cantidade de... de cuestións que non... que, desde logo non se corresponden en ningún caso coa realidade pois... bueno... pois nada... siga vostede... sigan vostedes por ese camiño i sigan vostedes nesa liña pois a ver si... si a tendencia... a tendencia a cero a siguen mantendo como a levan nos últimos anos, i seguen tendendo a ese... a ese cero que creo que sería en esta... en esa actitude que están vostedes sería un bo pago para o traballo que están facendo.

¿Algunha outra intervención? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, dende logo o que non é concibible é que veñamos a debater i a facelo dentro dos principios básicos democráticos i que teñamos que enfrontarnos a unha falta de respecto total e absoluta como membros da oposición democrática deste Concello. É máis, o que non se pode permitir é que un grupo de goberno manteña unha mentira que considere que por repetila moitas veces é máis certa cando non é así, i cando de continuar a dicir que este Concello estaba en banca rota non é certo, este Concello nunca estivo en banca rota i, dende logo, demostrouno a realidade, non o está. Dende logo, como dicíamos, i ceñíndonos á responsabilidade que como membros da corporación nos trae aquí, e a debater sobre a cuestión do IBI como membros desta corporación, i apelando á mesma responsabilidade de debater o que nos corresponde i non buscar falsedades i mentiras que por repetilas non son verdade, vamos a dicir que buscar a posibilidade de beneficiar aos nosos veciños é o que debemos facer, i se eso é a través dun resquicio legal non debemos de obviar esa opción i que, dende logo, debemos de utilizar todos os medios postos a disposición desta corporación para facelo i estámolos tendo i, sin embargo, estanse vostedes enrocando, i señor Alcalde está intentando ser xuíz i parte enroncándose nunha mesma postura sin solicitar o que podemos facer, sen recurrir aos medios que temos a disposición. Por eso non compartimos este estilo de debate que se impuxo sobre este tema i cremos i volvemos a defender que debemos buscar a mellor opción para os nosos veciños, i si hai que pedir informes, si hai que volver a debater o tema, i si hai que volver a abrir Comisións Informativas, debemos de facelo. Por eso dicimos i volvemos a reiterar que a cuestión do IBI é fundamental para os nosos veciños i cerralo de tema de xeito ditatorial e unilateralmente non é o xeito máis correcto de facelo.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben señora Louzao, perfecto, mire cando queira lle paso por enésima vez a copia do informe que firmou o anterior Alcalde, donde recoñecía unha deuda no informe de morosidade de 2.900.000 euros en facturas. A firma non está falsificada eh?, é a do anterior Alcalde, o antecesor nese cargo meu, i firmou no mes de xuño do ano 2011 o informe de morosidade feito pola Intervención municipal donde acreditaba que existían 2.900.000 euros en facturas pendentes de pago, xa llo din en tres ocasións, pódollo dar en catro ou cinco ou todas as veces...ou todas as veces que queira i, ademais, sabe... sabe que vostede o ten...sabe...¿non é certo, non? Pois mañán...mañán llo volvo a traer. Sabe que vostede como ven a buscar outras cousas ao Concello ten á súa disposición todo, todo neste Concello, está todo á súa disposición para que poida fiscalizar de forma adecuada todo o que vostede considere oportuno e iso tamén, se quere que lle de o informe de morosidade coa firma do Alcalde anterior por 2.900.000 euros tamén lla dou, i verá que...i si quere que lle de...i si quere...non, non, non 3.000.000 de euros para vostede xa sei que...xa sei que para vostede deber 3.000.000 de euros é un lixo ca...ca..ca...ca afición ao gasto, para a aficción ...para a aficción ao gasto desmesurado...sí, os remanentes en negativo por certo no ano 2011, si (**intervencións de fondo que no se aprecian**). Remanentes...remanentes...remanentes en negativo, 2.900.000 euros en facturas sen pagar, nin un peso nos caixóns i facturas bastantes, esa é...esa é a realidade i eu...eu creo que a respectei no seu turno de intervención aínda que dixó cousas que non son certas i creo que vostede debe de gardar o mesmo respecto que os demais i que vostede pide aos demais ¿non? Creo que iso...creo que iso debería de entendela así como unha forma democrática de debater, eu creo que a vostede...a vostede todo o mundo a respecta cando fai as súas

intervencións, máis ou menos afortunadas, i eu creo que vostede debe ter o mesmo cos demais ¿non? Esa é a miña...a miña opinión.

O que si...o que si lle digo é que temos que...temos que ser realistas e intentar...intentar buscar fórmulas que permitan paliar ese incremento, de feito nós tomamos o Acordo plenario de aprobación de orzamento municipal cunha baixada...cunha rebaixa do 33 por cento, de un tercio de...do IBI, baixada do 0,6 ao 0,4 i, polo tanto, esa previsión orzamentaria que xa lle dicía antes ascende a 800.000 euros que deixa de recadar o Concello i que quedan nos petos dos veciños, entendemos que se lle pideu xa un esforzo máis que...máis que importante i polo tanto o Concello agora tiña que tomar esa decisión, unha decisión que quedará estable, que quedará sin ningún tipo de variación ata que pois tomemos a decisión como corporación municipal de iniciar o traballo dunha nova ponencia de valores. Ese será un obxectivo que teremos a...a medio prazo, valorar a posibilidade que de facer unha nova actualización catastral, agora creo que neso tamén coincidimos i creo que o señor Magariños tamén coincide comigo neso, hai que agarrarse aos machos para facer unha nova ponencia de valores porque os resultados que van a saír de aí unha vez máis van a desmontar esa teoría nacionalista desas sobrevaloracións catastrais que se producen en casos moi concretos e moi puntuais, pero o 99 por cento mira o que lle digo, o 99 por cento dos inmobles da Estrada están infravalorados catastralmente, infravalorados. I, polo tanto, imos a ver como esa nova ponencia vai a arrojar datos que cando os vexamos seguramente algún onde dixo digo Diego e intentará desmarcarse da decisión ou da petición realizada no seu momento de facer esa nova ponencia de valores, igual que quen dixo que non aprobar unha nova ponencia de valores iba a xerar efectos retroactivos cando se faga con efecto retroactivo dende a aprobación do Plan Xeral, barbaridades que se dixeron aquí para intentar politizar un tema do IBI, que lle debe de gustar moito i lle debe dar moito xogo co seu electorado, pero que, dende logo, eu xa digo, construír eses argumentos sobre unha mentira tras outra, construír ese argumento, ese castillo de mentiras lle poden garantir que se lle desmorona por completo porque é que non teñen nin unha soa base sólida, nin unha soa base legal, nin un só argumento no que poder sustentar ningunha das súas declaracións. I polo tanto pois eu xa lle digo que o valoramos, tivemos máis de dez reunións en torno a este tema, fixemos reunións a nivel provincial, reunións a nivel local, reunións coa Xerencia do Catastro, fixemos as consultas ás máis altas instancias, modificamos, presionamos, traballamos i todo, todo o que se puido conseguir pola vía legal, todo, ao máximo, está incorporado nos orzamentos do ano 2014 i esas decisións están tomadas de forma sucesiva nos últimos meses para poder conseguir esa rebaixa do 33 por cento no recibo, no...no imposto da contribución buscando esa aplicación de coeficientes... de coeficientes correctores ¿non? Esa é a... a vía que nos deixaba a lei, a outra vía, é certo que hai dúas, a outra vía é a realización dunha nova ponencia de valores que tería efectos para o ano quince i, polo tanto, neste ano catorce teríamola solicitada pero non a teríamos aprobada e non entraríamos dentro da aplicación dese...desa redución do tipo do 0,6 ao 0,4. I, polo tanto, neste momento tomamos esta decisión e eso non quere dicir que si vostede pensa que cando fagamos unha nova ponencia de valores os valores resultantes van a ser inferiores aos actuais máis ese 10 por cento, eu cando queira nos sentamos vostede máis eu, tomamos un muestreo de...dos casos que vostede queira i dentro duns anos, como seguramente seguiremos tendo unha boa relación, nos vamos a sentar diante dun café e vamos a ver...e vamos a ver como foi a evolución, i se vai dar vostede conta da barbaridade que están propoñendo i de que evidentemente teremos que ir a unha nova ponencia de valores pero nos vai a dar bastantes

dolores de cabeza no futuro, eso llo podo garantir. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Simplemente por alusións íballe... dúas cuestións pero engádolle unha terceira e comezo pola terceira. Simplemente lle recomendo que visite calquer páxina web destas de mercado inmobiliario, vexa a realidade do mercado inmobiliario de distintas zonas do Concello, da vila, concretamente da vila, e saberá cal é. Despois as outras dúas cuestións... estou preocupado por ver como quen ten agora a capacidade de decidir si algo é legal ou ilegal é o goberno, é quen ten a potestade de dicir si algo é legal ou é ilegal. Sorpréndeme dende logo, non foi o que eu estudiei na miña época de escolar, pero bueno. E a terceira cuestión é: non se preocupe porque as decisións que tome o BNG poida levar a cero ao BNG, preocúpese porque as decisións que está levando a cabo o goberno está levando a cero os aforros dos veciños e veciñas da Estrada, iso é o que o ten que preocupar que as súas decisións están levando a cero os aforros dos veciños e veciñas.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben, mire rematamos este tema xa porque creo que xa non ten máis...máis recorrido ¿non? Eu o que lle digo...eu o que lle digo señor Magariños i apelo á súa sensibilidade, cando queira...cando queira vemos o caso das 17 ponencias de valores que entraron en vigor no ano 2014, cando queira. Eu non sei si vostede ten...fai algún seguimento da prensa doutros sitios, o que está pasando en Vilagarcía, o que está pasando noutros concellos, ponencias recién actualizadas, con medidas tomadas polo goberno de rebaixa do tipo impositivo i aínda así con incrementos catastrales que superan o 60, o 70 i o 80 por cento. Entonces, cando queira nos sentamos en concellos de menos de 5.000, en concellos de máis de 5.000, en concellos de máis de 20.000, en cidades, cando queira nos sentamos i vemos como a tendencia, por desgracia, i o catastro de momento non está sendo sensible en ponencias que levan sen actualizar 17 anos, como é a nosa, a eses cambios no mercado e entenden que aínda, con respecto ao ano noventa e sete, o descenso do valor catastral non se absorbeu todavía, aínda co descenso do valor inmobiliario dos bens, todavía non se absorbeu para as ponencias que temos do ano noventa e sete. E eso é unha realidade que ademais está contrastada polo propio Catastro, i se van a fixar unha serie de datos que nos van a levar inevitablemente a unha subida exponencial no 99 por cento dos casos dos valores catastrais; i xa non lle digo no casco urbano, porque no rural agarrarse aos machos. Coa entrada en vigor do Plan Xeral i coa clasificación de suelos de núcleo i coa nova clasificación i co novo valor das propiedades o estamos vendo, sen ir máis lonxe na actualización que se fixo de valores catastrais, de obras, de reforma, ampliación e nova construción que fixo o Catastro nestos últimos meses i que aplicou...i que aplicou unha serie...

Interrompe o Sr. Magariños do BNG.- ...na ponencia de valores que temos, pero que lle tiven que explicar máis dunha vez....

Sr. Alcalde.- Señor Magariños

Sr. Magariños do BNG.- seguimos sen entender...

Sr. Alcalde.- Señor Magariños, que é máis baixa que o valor que vai a resultar dunha nova ponencia de valores, señor Magariños, do ano noventa e sete, estamos no ano 2014. Claro, é que o problema é que non...non entendemos eses conceptos de base e aí é onde está o problema, i a ponencia i o que vostede...i o que vostede sustenta

de forma irreal i de forma, bueno, pois creo que pouco defendible, é que os valores catastrais da ponencia do ano 2015, no caso de que se faga ese ano, van a ser inferiores á do ano noventa e sete, ese é o argumento político do BNG para a nova ponencia. Pois, dedde logo, creo que con eso moi lonxe non podemos ir. I no caso de que nós nos fiáramos, está claro que xa sabemos o que iba a facer o BNG, saír pola porta de atrás, escorrer o bulto e poñerse detrás da pancarta, claro é o que lle gusta a vostedes i o que fan á perfección, poñerse detrás da pancarta i reivindicar determinadas cuestións que non teñen moito...moito...moita base. I despois decirlle que, imos a ver, non é que...non é que o político decida é que señor Magariños eu xa dixen antes, eu consulte, consulte a todas as instancias que tiñan competencia neste tema, buscamos as distintas fórmulas, analizámolo das distintas formas xurídicas, lle demos 50.000 voltas. Eu normalmente non procuro falar por falar, procuro documentarme antes de falar i cando lle falo lle falo, i estou falando de memoria i estou recordando o que preparei no debate cando fixemos o orzamento municipal, i lle estou dicindo punto por punto cales foron os argumentos nos que nós nos sustentamos para buscar unha excepcionalidade, a unha norma de rango xeral que ocupa a todos os concellos excepto aqueles que tomen determinadas medidas correctoras, i nese caso foi o Concello da Estrada o que buscou unha desas...desas vías. I é a única que hai, i xa lle digo, só hai dúas i o pon expresamente a Lei de Orzamentos, que vostede se confunde señor Magariños, non hai ningunha lei, ningunha lei, ningunha lei, ningún decreto que establezca a subida do tipo impositivo ningunha, ningunha. A única lei é a Lei de Orzamentos Xerais do Estado, que de forma extraordinaria i a través dunha disposición transitoria establece a aplicación de forma excepcional do incremento do tipo impositivo. Non hai ningunha outra lei, ningún reglamento nin a Lei de Haciendas Locales, nin a Lei do Catastro Inmobiliario, ningunha, ningunha!. Foi a Lei de Presupostos do ano 2012 a que estableceu de forma extraordinaria i excepcional a aplicación dun incremento do tipo impositivo por 2 anos, para aos 2 anos volver outra vez a aplicar os tipos que teñen aprobados os concellos en ordenanza, e foi a Lei de Orzamentos do Estado do ano catorce a que prorrogou ese tema por dous anos máis, punto!. Non lle de máis voltas a decretos leis, non lle de máis voltas a publicacións, que teñamos que facer e deixar de facer. Son medidas extraordinarias prorrogadas i que non se aplican no caso de que o Concello ou faga unha nova ponencia que sexa de aplicación neste ano ou no que ven, ou que faga unha actualización dos...unha... unha aplicación dos coeficientes correctores dos seus valores catastrais, que foi o que fixo o Concello da Estrada i punto!, non lle de máis voltas, non hai outra solución!. Por moito que queira poñerse vostede, por moitas leis que queira entender i por moito 0,27 que queira plantear para crear confusión na cidadanía, non hai outra opción, punto!, xa está!, i dalle as voltas que queiras porque por desgracia é así. I polo tanto lle podo garantir que o temos revisado, estudiado, informado, temos feito... i lle podo garantir que foi un dos temas de máximo interés deste goberno no ano trece, buscar unha solución a un problema que entendíamos que era un problema social, o problema do incremento do tipo impositivo entendimos que foi un exceso de incremento que se lle pideu, un esforzo extraordinario aos cidadáns que se excedía do límite normal i que, ademais, entendíamos que non era xusto. I aí buscamos, rebuscamos, traballamos, presionamos de forma que puideramos buscar unha fórmula para que o Concello da Estrada volveuse á situación de orixen creada no ano 2011 con ese acordo de anulación da bonificación, i aí é onde estamos. I polo tanto eu creo, que dentro do que cabe i tendo en conta a situación que tiñamos fai uns meses, creo que é un punto de destino bastante aceptable i que vai a supoñer que os nosos veciños poidan ver esa rebaixa, esa diminución considerable, pois aquel veciño que paga

200 euros polo seu recibo da contribución pois vai a pasar a pagar 120 euros este ano, i creo que é un... un esforzo i é unha rebaixa considerable, i aquel que pagou 300 este ano vai a pasar a pagar 200 euros no ano 2014, i é un esforzo, i aqueles 1000... aqueles 1700 veciños que tiñan as súas fincas, que pagaban polas súas fincas como solo rústico i estaban pagando como solo urbano cando no Plan Xeral i na normativa transitoria non se podía desenvolver, van a deixar de pagar o seu recibo da contribución i van a ver como, gracias a decisións deste goberno, os seus solos pasan a perder a clasificación pero pasan a deixar de pagar tamén os impostos correspondientes. I esa foi a aspiración que tuvemos dende o primeiro momento i o límite ao que fomos capaces de chegar, i espero i desexo que esto supoña pois unha...un alivio para os sufridos petos dos nosos veciños que, desde logo, pois están sufrindo situacións que a veces, coincido con vostede, que son límites i que debemos...deben de contar coa nosa...coa nosa sensibilidade.

Así que creo que este tema, por enésima vez, está debatido i procedemos á votación desta moción. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor? Queda rexeitada.

Sometido o asunto a votación, é rexeitado polos votos en contra do PP (11) e os votos a favor do PsdeG-PSOE (8) e BNG (1).

Sr. Alcalde.- ¿Algunha outra moción de urxencia?

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

11°.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE DECEMBRO DE 2013, ÁMBOS DOUS INCLUIDOS.

Sr. Alcalde.- Pois, na parte de Control da Xestión, o punto número 11, dación de conta resolucíons de alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 31 de decembro de 2013, ámbolos dous incluídos.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucíons da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 31 de decembro de 2013.

A Corporación queda sabedora.

12°.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.- o punto número 12 é Rogos e Preguntas. ¿Algún rogo?, ¿Algunha pregunta? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, gustaríanos plantexar un rogo, recordalo i volvelo a plantexar. Xa o fixemos no Pleno pasado i o volvemos a facer neste, é con respecto á propiedade que ten cedido este Concello para poder estacionar, o estacionamento que hai bueno, pois alí enfrente a EDELEC i ESPOMUEBLE, creo que se chama a moblería de enfrente, correcto. Entón, bueno, pois gustaríanos que o Concello pasase a acondicionalo porque, efectivamente, o tempo está como está, pero tamén haberá que poñer algunha medida para que os veciños poidan utilizalo, porque ben en dous meses de chuvia está bastante deteriorado. Polo tanto rogamus que á maior celeridade se vaia a arranxar este...esta zona que temos cedida i que tanto uso lle dan os nosos veciños.

Nos gustaría tamén preguntar sobre unha información aparecida xa case vai un ano nos medios de comunicación nos que, tras unha visita dunha inspectora de transporte da Xefatura Territorial de Educación ao centro Villar Paramá no Souto de Veá, se comunicaba, bueno, facía público a Concelleira de Servizos Sociais a intención de crear unha zona de estacionamento de autobuses dentro do recinto escolar empregando para elo a zona axardinada que hai na parte frontal do colexio, entendendo que, bueno, pois o desexable é que si se van a facer estas obras, se fagan no verán. Queremos saber si xa se teñen dirixido o proxecto á Consellería de Educación i á propia Deputación que é a que ten competencias en materia educativa por un lado, i sobre a carretera que hai na frontal do colexio i na que os autobuses son donde teñen que estacionar, si xa se ten dirixido este proxecto a...ás administracións citadas para comezar os expedientes oportunos ao respecto.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois si é certo que este goberno buscou unha solución demandada dedde fai moitos anos pola comunidade educativa do Villar Paramá, é certo que non é unha cuestión nova, levan moitos anos reivindicando a mellora desa situación, se tivo en conta as súas aportacións cando se fixo o arranxo da carretera Portela-Souto de Veá en relación á...á intensidade do tráfico nesa zona e á velocidade dos vehículos i agora pois se ten feito tamén o proxecto, xa se ten redactado por técnicos municipais o proxecto para esa solución técnica que creo que é bastante axeitada i conta co apoio da comunidade educativa para crear esa zona de aparcamento que permita que os rapaces poidan descender do transporte escolar nunha zona segura e non ao límite da...da propia estrada, dunha estrada que ten unha circulación intensa. Así que estamos en esa fase de colaborar ca administración de educación para intentar buscar unha solución entre...entre ámbalas partes i non...non temos ningunha dúbida, ademais contamos xa de forma directa co...co visto bo do Servizo de Infraestruturas da Deputación que tamén estivo vendo esa...esa actuación, i lle podo garantir que no momento en que poidamos resolver o tema presupostario, que aproximadamente será unha actuación que supoña unha inversión de 20.000 euros, pois poidamos acometela. Son moitas as necesidades que hai i valoraremos tamén a forma de poder acometer esa actuación que para nós é importante.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- ao fío da súa resposta, conforme se nos ten dado traslado, pois e coñecemento do proxecto que se...que se pensa facer na Casa das Letras, agradecemos entón tamén que neste caso se nos dea coñecemento do proxecto que se pretende facer aí nese citado colexio. Como dicíamos, era simplemente coñecer si xa se tiñan iniciado os expedientes necesarios na Deputación i na Xunta de Galicia de cara a poder executar este proxecto, moitas grazas.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas grazas a vostede ¿señor Magariños? Ten a palabra.

Sr. Magariños do BNG.- Si, dúas cuestións, unha é que parece que o cuadro do mando de luz da luz pública do lugar de Riveira en Santo André de Veá está completamente á intemperie, bueno que se fagan as obras necesarias para protexelo porque, sobre todo, o inverno que nos está caendo.

E por outro lado a Xerencia parece...nos transmiten que a Xerencia Territorial de Catastro de Pontevedra ás veciñas e veciños que van a actualizar as súas vivendas situadas no rural, na vez de aplicarlle os coeficientes de valor da construción de edificio rural se lle está aplicando o coeficiente de edificio urbano, co cal pasan de...se lle está aplicando o valor de 1,10 cando se debería aplicar

o valor de 0,80, e igual pasa cos...si fan algún tipo de obra nas palleiras e edificios anexos que se lle está poñendo o 0,60 como se foran garaxes e porches na vez de poñerlle anexos a unha vivenda ¿non? Que se dirixa á Xerencia Territorial para que corrixan este...este erro.

Sr. Alcalde.- Si, sabe vostede que... bueno... o ORAL, a través de...dunha empresa que teñen contratada para...para facer unha actualización do censo catastral, detectou que na Estrada pois desde fai aproximadamente 12 anos non se fai nin unha sola actualización, nin do que son novas construcións, nin actualizacións catastrais derivadas de ampliacións, reformas e modificacións ¿non? Ante esa situación se lle remiteu unha carta, eu creo que foron neste caso cerca de 1.800 propietarios, ou sexa hai 1.800 edificacións que non estaban tributando como o resto, que non estaban tributando pola situación actual que...que teñen. I eu sei, eu coñezo que si é certo que se fixo unha actualización de valores o que...i sei que se citou no teatro, que se lle dou participación, que se lle pideu, requireu toda a documentación que tiveron un...unha actualización en función das construcións e das edificacións que teñen pero, bueno, non...non chego ao detalle de saber cales son os coeficientes aplicados. I si, polo que di vostede, o solo urbano sabe vostede que agora, desde a aprobación do Plan Xeral, no suelo rural, o suelo de núcleo ten unha clasificación como o suelo urbano, suelo urbano de núcleo rural, pero suelo urbano ¿non? Polo tanto non sei en que situación están eses casos, xa lle digo, si é certo que a situación xurídica a ese nivel cambiou na Estrada porque agora si temos suelos urbanos nos núcleos que son denominados doutra forma, son solos de núcleo i teñen outros estándares i outros coeficientes que se lle aplican pero son solos urbanos, non son solos rústicos. Sabe vostede que antes se aplicaba o que era o valor do solo, se lle daba unha valoración como suelo rústico i a construción se valoraba cos estándares de edificación. Agora se valorará a parte da parcela que quede en núcleo como suelo urbano, a parte da parcela que quede en rústico como suelo rústico i a construción cos parámetros de edificación. Entonces...

Interrompe o Sr. Magariños do BNG.- Aquí se refire ao que sería a construción, o valor da construción, que eu entendo que sería aplicar edificio situado no rural, no de urbano eu supoño que se referirá a núcleo dun certo tamaño, non sei se aí se pode interpretar...

Sr. Alcalde.- Elevaremos...si, si...elevarémolo a consulta ao Catastro.

Sr. Magariños do BNG.- Non sería lóxico que se lle aplicara a unha parede, a unha reforma nun alpendre como un garaxe cando todos sabemos que...que non é, é aplicar simplemente a realidade que hai.

Sr. Alcalde.- Si, eu creo...bueno... creo que teñen unha clasificación, eu pola información que teño teñen unha clasificación como edificación anexas que non... non vivendas que, máis ou menos, pois establecen un valor practicamente homoxéneo para... para todas sexan garaxes, palleiras pero... pero bueno consultaremos... consultarémolo co Catastro i veremos si esa cuestión se produce así i si é que están aplicando xa os criterios de clasificación provintes do Plan Xeral ou... ou é unha cuestión que se poida valorar. Remitiremos consulta ao propio...á propia Xerencia do Catastro i daremos cumprida resposta.

¿Non sei se hai algún rogo ou pregunta por parte dos membros da corporación?, si non, en uso do reglamento de participación cidadá, calquer persoa que esté no público pode facer uso da palabra, neste

parte ten que identificarse co DNI que ten que facer entrada... entrega por favor a... ao funcionario i se lle cederá o micrófono para que formule a súa pregunta. Lle pido...lle pido por favor que tan pronto remate a pregunta devolva o micrófono i se lle será contestada, moitas gracias.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Eu voulle comunicar que hoxe caeu unha grúa alá abaixo, bueno... xa estará informado ¿non? Bueno, pois mire, nesa casa están unhas contras batendo seguido e... e con este aire destes días vaise disparar e vai dar sabe Dios a donde. Así que por favor eu quero que... que miren eso.

E máis lle quería facer outra pregunta ¿que tal vostede apoia aos retornados da emigración? Porque de aquí non se sale nada.

Sr. Alcalde.- ¿Rematou vostede, si?

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Mire, aos retornados da emigración que lle están... que están protestando por eso si sabe algunha cousa, si os apoia, porque o día que estivo aquí o Presidente da Deputación pouca... pouca cousa nos dixo.

(Ruído do público)

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Bueno, eso, vostede non di nada, o señor da Deputación tampouco e... e do... do conto do Catastro a ver o que nos baixa, díganos usted porque este ano xa nos subeu e o outro ano máis o dobre. A ver usted que pensa que cos sueldos que hai agora que... que... que facemos ¿eh? ¿Que lle parece? Non nos da ningunha salida ,vamos ter que roubar, é mellor, vamos así uns días para o cárcel e xa está, entramos por un lado e saímos polo outro como saen os... os grandes que andan...que andan segando.

Sí, bueno, eu dígolle o das contras, porque vanse disparar porque fan un ruído de medo e hoxe xa caeu a grúa e xa estaba apoiada na casa e logo está para caír ¿eh? E despois que non... que non avisemos ¿eh? E eso, si ustedes teñen a competencia esa moi ben e senón avisen ao empresario que veña facer algo con eso, porque co aire que está facendo estes días mete medo, así que a miña pregunta xa se acabou.

Sr. Alcalde.- Moi ben.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- E vostede faga algo pola contribución porque estamos moi mal ¿eh? Eu xa o coñozo da outra vez de estar no Ayuntamiento ¿eh? E vostede tamén me debe coñecer a min. Bueno, deixolle a palabra aquí.... non sei....

Sr. Alcalde.- Non, voulle...si, si lle entrega o micrófono ao compañeiro....

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Si, a ver...

Sr. Alcalde.- Non, ao funcionario, a Marcos, si. Non, non, non, eu contéstolle. Vamos a ver, en relación ao... non, espere si quere lle contesto senón... si, en relación a... non, pensei que se marchaba.... En relación ao tema da grúa si é certo que hoxe houbo un incidente a.... bueno, a mediodía i tuvemos que... tuvemos que desprazar alí á Policía Local, Protección Civil. Acordonaron a zona, de feito creo que a rúa alí nestes momentos está cortada todavía ao tráfico por motivos de seguridade, douselle traslado á empresa...á empresa propietaria da...da obra que quedou bueno a medio facer i que quedou a grúa aí. Estiveron aquí os responsables da empresa con... con personal da propia empresa para intentar ver, asegurar,

porque con este vento tampouco se podía facer o desmontaxe da grúa i por seguridade ata mañán que poidan ir os técnicos municipais decidimos deixar a rúa cortada para evitar males maiores, mañán se desplazarán alí os técnicos.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-..... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Si

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- ...(non se aprecia)

Sr. Alcalde.-Unha desgracia, si.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- ... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Pois, bueno, gracias a Dios non tivemos cos problemas da climatoloxía non tivemos grandes incidentes, gracias a Dios porque... porque é certo que estes días nos castigou bastante. Iso si, foi, bueno, pois unha desgracia, un problema que se produce hai que buscarlle unha solución. I eu xa digo, hoxe estiveron os responsables da empresa i eu espero que nos próximos días procedan ao seu desmontaxe porque foi a orde que se lle dou, entendemos que nestas circunstancias tampouco poden proceder á desmontaxe da grúa pero... pero esperemos que nos próximos días o fagan.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-...(non se aprecia)

Sr. Alcalde.- i lle trasladaremos...i lle trasladaremos tamén o...o das contras, moi ben, moitas gracias.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- ... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- S, xa está. ¿Algunha outra intervención? Por favor o DNI, ¡ah! moi ben, moi ben. Ten vostede a palabra.

Sr. Miguel Couceiro Magán.- Boa noite, teño dúas preguntas ou tres para facerlle nun momentinho, si me pode responder así neste momento. ¿Por que non se da licencia de obra para a canalización de gas para onde o noso edificio na rúa Rosalía de Castro? E a outra pregunta, a segunda, ¿que diferenza hai para vostede entre enganche e canalización de gas, entre enganche e canalización de gas? Dígame a diferenza. Sentímonos un pouco agraviados comparativamente con esta Casa Consistorial, aquí protestan os funcionarios un mes e ao mes seguinte xa temos gas neste Concello, atravésase unha alameda pública e conéctase onde está o supermercado alí atrás ¿eso que é unha canalización ou un enganche para usted? Nós somos... sentímonos totalmente desamparados como membros desta... da comunidade, como di usted que hai que participar todos.

E para rematar quería preguntar, dicirlle unha cousa, que por humanidade, por dignidade, por... por sentimentos, polo menos se hai maternos ou paternos para alguen, sentimentos de persoa, queremos pedir que axilice as xestións... as xestións para que non teñamos que manifestarnos publicamente, que non teñamos que protestar na prensa, que non teñamos que invadir aquí o Concello e o Salón de Plenos, para ter o mesmo acceso que os funcionarios ao gas. Vostede me respondera e como Alcalde de todos axilizar as xestións necesarias, e son 54 familias que están sen gas e sen calefacción durante 2 anos.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois sabe vostede que todas as xestións que se fixeron en relación a ese tema creo que está debidamente informado, i ademais vostede persoalmente estivo comigo fai uns días i quedou de dar un prazo i volver a recibir esa información que eu

lle trasladei. De feito vostede é coñecedor das conversas que mantiven, porque as mantiven diante persoalmente de vostede ademais coa propia compañía, ecoitou i tivemos unha reunión coa propia compañía onde de primeira man vostede escoitou a situación dese... dese expediente i desa... desa infraestrutura, i sabe vostede ademais, curiosamente, que estes días pois non sei, entendo que le vostede a prensa todas as mañás, saleu publicado pois o anuncio público da rede de canalización da legalización do proxecto de canalización de gas dunha compañía privada, non é un servizo público, non, sabe vostede que nós aí podemos intentar axilizar o máximo posible pero ao final ese é un servizo privado, dunha compañía de capital privado que fai unha actuación urbanística que non está legalizada. I coñece de primeira man, porque eu me encarguei ademais persoalmente de trasladarllo en persona en máis dunha ocasión a vostede mesmo, que a compañía subministradora no seu lexítimo dereito entende que non vai a facer novas canalizacións mentres que non teña legalizada a rede, cuestión que nos dou moitos problemas nos últimos meses porque... porque é certo que se presentou un proxecto, se presentou un proxecto de legalización, pois un proxecto pedindo licenza de actividade nesta casa, ese proxecto non se cumpreu, se desviou do proxecto orixinal presentado, os técnicos municipais non lle deron a licenza definitiva de actividade i polo tanto calquera actuación de ampliación de rede que se faga pois require unha licenza de obra maior i, polo tanto, no seu caso sería unha licenza de obra maior, hai que cruzar pois a rúa ou vir pola rúa... pola rúa Rosalía de Castro hasta dar acceso as vivendas que vostedes solicitan i a empresa, a propia empresa, para facer esa actuación solicita un proxecto que é unha obra maior, i os técnicos municipais entenden que é unha obra maior i eles non a van a facer mentras non teñan a legalización da rede de subministro que teñen actualmente na Estrada. É unha cuestión que eu estou poñendo todo o interese do mundo i estou intentando de primeira man resolvelo, de feito pois xa tiveron máis de tres reunións, creo que foron tres, catro reunións que tuven ca empresa subministradora, nalgúns estivo persoalmente vostede presente nelas i é coñecedor das... dos temas que alí se falou i do... i do ...i do ...i do bueno... pois do ultimatum ou da presión que se lle fixo por parte da Alcaldía para que intentaran acometer esa actuación. Bueno, a empresa condiciona a legalización, porque é un medio de presión que teñen eles para poder legalizar a rede, i dende logo, esa ilegalidade non é responsabilidade deste goberno, é responsabilidade deste goberno buscar a forma de legalizala i para iso temos que pedir todos os informes sectoriales a Fomento, á Deputación de Pontevedra, a Medio Ambiente, a Urbanismo, foron obras que se fixeron sen a correspondente licenza i, polo tanto, agora o proceso de legalización, bueno, pois é relativamente largo, i eu espero intentar axilizalo o máximo posible ¿non?, de feito varios trámites xa están en marcha i todos, todos os informes sectoriales, todos están...están pedidos ¿non?

Sr. Miguel Couceiro Magán..-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Si, si esto é unha... esto é unha... este é un enganche, non, isto se fixo a memoria técnica, a memoria... non, se fixo a memoria técnica... se fixo a memoria técnica por parte dos técnicos municipais i entenderon que era un enganche á rede principal, automaticamente é unha conexión do... da Casa Consistorial coa rede principal i non... non require unha canalización que poida dar servizo a outras edificacións, senón que é un enganche desta edificación coa rede principal i polo tanto...

Sr. Miguel Couceiro Magán..- (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Bueno, eu estoulle dicindo... estoulle dicindo o que din os informes técnicos, eu estoulle dicindo... eu estoulle dicindo o que...

Sr. Miguel Couceiro Magán..- (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- ¿perdón?

Sr. Miguel Couceiro Magán..- (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Non, non, non, non...eu estoulle dicindo, bueno.

Sr. Miguel Couceiro Magán..- (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Vamos a ver esto... esto... si queremos facer un debate ordenado eu si, vostede fixo... claro, si vostede fixo a pregunta eu escoitei a súa pregunta i eu lle estou dando a resposta coa información que eu teño, si...si...si non lle vale pois oye, eu síntoo moito. A verdade é que estou poñendo todo o empeño para desfacer unha situación que é unha auténtica chapuza, é unha chapuza ilegal o que está feito...

Sr. Miguel Couceiro Magán..-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- O que...

Sr. Miguel Couceiro Magán..-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Bueno...

Sr. Miguel Couceiro Magán..-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Dou por contestada a pregunta ¿algunha outra cuestión? Si, perdoa, si o DNI...

Sr. Santiago Puente Isla.- Bueno acabo de entender o creo que acabo de entender que es labor de Urbanismo decidir si es un enganche o si...o si es... bueno... o si es un aumento de red. Dentro de la ignorancia si cruzar una alameda es un enganche en este caso ¿por que continuar una acera para llegar a un edificio es una obra mayor? Es lo que...entonces ,todo depende de un técnico que diga esto lo considero así y esto lo considero de la otra forma.

Sr. Alcalde.- Non, vamos a ver, eu creo que expliquei...ao principio intenteino explicar, ao mellor pois non me expliquei ben, vamos a ver. Para ese proxecto, para ese proxecto para a conexión do edificio na rúa Rosalía de Castro a propia compañía administradora presentou un proxecto, foi a propia compañía subministradora a que presentou un proxecto de ampliación de rede. A persona que interveu antes sabe perfectamente que eu lle puxen unha comparación cunha situación digamos similar que se produceu fai 3 ou 4 anos co enganche dunha nova edificación que se construeu na Estrada, i lle dixen que naquel momento.. bueno... pois a empresa aceptou tramitar unha conexión como se fora unha obra menor i non unha ampliación da rede. Ben, a empresa...a persona que interveu antes o sabe porque nesa conversación estaba presente telefonicamente. A empresa negouse por completo i negouse porque di que están fartos de facer chapuzas de ampliación de rede na Estrada, que iso lle xenerou estar na situación na que están agora, unha situación de ilegalidade da rede de suministro de gas porque non se axustaron á licenza concedida i que, polo tanto, non van a facer máis ampliación de rede a non ser que se faga cunha legalización de toda a rede existente i despois

acometerán esa ampliación. No caso...no caso do Concello da Estrada se solicitou un enganche dende o Concello i os técnicos municipais xustificaron que era exclusivamente un enganche, non unha ampliación de rede, esta rede non da servizo máis que ao Concello da Estrada, ao edificio do Concello da Estrada. No caso da solicitude que facedes vós a propia compañía o plantexa como unha ampliación da rede existente i, polo tanto, os técnicos municipais informan que como ampliación de rede non se pode licenciar porque a rede que se quere ampliar non ten licenza. É unha cuestión legal i non é unha cuestión de vontade, eu sei, i o sei feacemente que, bueno, que houbo unha situación parecida... parecida fai uns anos i a compañía si accedeu a facelo, nestes momentos pois non acceden a facelo como unha obra menor, como unha canalización, quéreno facer como Dios manda, como se ten que facer, que é unha ampliación da rede i unha nova...unha nova licenciaa, unha licenciaa sobre a obra que teñen no entorno do Concello e ademais que estaba planificada, no propio proxecto esa rúa estaba planificada, polo tanto iba dentro da... da rede que eles queren legalizar, queren legalizar o feito i solicitar licenciaa para todas as rúas que a tiñan concedida i non o fixeron porque o proxecto se desviou na súa execución, se desviou i non se fixo o que estaba previsto no proxecto. I, polo tanto, agora eles queren parar, legalizar i regularizar a situación que teñen no Concello da Estrada que, bueno, non só lle pasou aquí neste Concello parece que noutros sitios empezaron antes i o solucionaron con moito traballo i moito tempo, i aquí o empezamos fai un ano e medio, estamos pelexando con eles, os técnicos municipais están buscando todos os mecanismos de interlocución para poder resolver o problema pero, bueno, é un problema que temos que partir de cero, cun expediente que os técnicos entenden que se incumpleu o presentado orixinalmente aquí fai moitos anos, i que polo tanto hai que facer a legalización nova de todo. I eso require informes municipais que están feitos xa todos, se remiteu o expediente e os informes sectorias, algúns deles xa contestaron, uns de forma favorable e outros pedindo máis documentación, se fixo a exposición i...i a...o...o... se publicou nos diarios no Faro de Vigo, na Voz de Galicia esa legalización da rede. Polo tanto o proxecto está andando, andando pois, i nós estámoslle dando todo...todo a présa, toda a axilidade posible, pero é un procedemento lento i eu sinto dicilo así, pero calquer outra cousa sería ilegal, i polo tanto nós estamos dentro da legalidade o que se poida, fóra da legalidade nin nós podemos nin a compañía está pola labor de facelo, porque a compañía deixou claro que eles sempre o plantexarán como un aumento, como un incremento, como unha ampliación da súa rede actual de subministro e aí pois, evidentemente, nós non temos outra opción máis que informar o proxecto que eles nos presentan que é ese. Entonces eu...eu sei que a situación é dramática, bueno, pois oye, eu tamén falei con outras persoas que viven nese edificio, non todo o mundo está na mesma situación, tamén o teño que dicir. Eu falei con xente que non está de acordo con este tema i me trasladaron a súa opinión sobre esta idea de canalizar... eu creo que non o 100 por cen dos veciños dese edificio están na liña de conectarse ao tema do gas, i así mo fixeron saber a min. Así como viñeron veciños, pois neste caso, a intentar pedirme que se axilizase este tema, tamén viñeron outros a dicirme que eles vivían nese edificio i que eles teñen o seu tema cuberto i non se iban a conectar ao gas, nin tiñan previsto facelo.

Entonces eu sei que é unha cuestión delicada, sei que oe que nestes momentos pois hai unha situación que a compañía lle trasladou nunha reunión a posibilidade de poder facer este proxecto, que non tiñan problema ningún i despois nos encontramos cun problema legal que eles non están dispostos a salvar. E nós o que temos que facer é buscar, i é certo, aí o que depende de nós é intentar resolver o máis áxiles, hoxe en día o expediente de legalización desa rede xa

non está no Concello da Estrada, xa saleu a todos os organismos sectoriais para que fagan os informes i para que resolvan, i estamos encima deles i estamos falando cos organismos para que intenten axilizar o máximo posible. Pero mentres non teñamos legalizada a rede i eles o fan tamén como unha forma de presión, en plan oe temos un problema, a compañía ten un problema na Estrada, ten un problema con esa situación ilegal porque non teñen licencia de actividade i as compañías subministradoras llo esixen, que teñan unha licencia de actividade nunha actividade tan complexa como é o transporte de gas. Para conseguir esa licencia de actividade teñen que ter unha licencia de obra que non a teñen, i para conseguir a licencia de obra teñen que facer a legalización da rede. I... i en todo este proceso, pois bueno, pilla a unha serie de veciños nun proceso de transición de cambio a un novo combustible que había un... un determinado, pois tiñan un servizo determinado i se lle plantexa unha nova opción, i a partir de aí, bueno ,se produce esta cuestión que nos pilla un pouco a todos no medio i que temos que intentar resolver da forma máis rápida posible, pero non ten unha solución inmediata. Eu sinto dicilo pero... pero se está facendo todo o humanamente posible para resolvelo.

Sr. Santiago Puente Isla.- Bueno, me imagino que es igual que... que el suministro del agua, algo de necesidad, pienso que esto también es algo de necesidad. Hoy en día en.. .en los sitios es lo que se... lo que se está usando para tener agua caliente, calefacción, etc. Entiendo lo que me estás diciendo totalmente y que entonces quien está jugando con nosotros es la compañía que... que lleva pues el gas en este caso, bueno, que vamos a lo mismo llevamos dos años en condiciones infrahumanas.

Sr. Alcalde.- Bueno, eu...eu teño que dicir que tiven coñecemento deste tema non fai dous anos ¿eh? Eu tuven coñecemento, i levamos pelexando co tema de Repsol xa non só esta corporación nin a anterior, q ue seguramente a anterior máis, foi un proxecto de canalización de gas que se presentou no ano noventa e pico, no dous mil i se foi digamos pois un pouco co que dis ti por esa necesidade de dar cobertura a determinadas zonas, o que se fixo foi incumprir a licencia, incumprir o proxecto i estender a rede hacia sitios onde non estaba previsto facelo. Entonces iso o que fai é que automaticamente se incumpra a licencia dada i o proxecto queda nunha situación de ilegalidade, queda nunha situación sen licenza. I...i agora o que temos que facer é dicir: oye borrón... é legalizable, é legalizable, polo tanto, presentade un novo proxecto con toda a rede tal cual a tendes, coas previsións a futuro que ides a ter de rúas novas que queirades abrir i con ese proxecto nós tramitamos a legalización. Sei que é un tema de primeira necesidade, bueno pois seguramente ese foi o motivo polo que os levou a esta situación i eles, evidentemente, presionan porque non queren seguir nesa situación. Entonces o Concello lle trasladou de forma urxente buscar unha solución puntual a este caso i a compañía se negou, dixo que non querían volver a cometer os mesmos erros que se cometeron ata agora, que ata que solucionen a cuestión que eles non dan máis subministros que supoñan un...unha ampliación da rede existente que teñen actualmente. I aí nos encontramos claro cun problema que é unha empresa privada, se fora un organismo público, se fora unha administración como comentaba vostede o tema da auga, a auga a xestiona o Concello pois sería un tema que tería que resolver o Concello e ao mellor pois teríamos que buscar a fórmula de facelo ao tratar un servizo, un subministro que o da unha empresa privada pois, bueno, eu podo entendolo, non o comparto, porque si se fixo antes na mesma situación pois ao mellor tamén se podía facer agora, pero bueno, a compañía entende que non, que punto e final, e a partir de agora que... que primeiro legalizar e despois ampliar. I

é... i é como ten que ser, legalmente é como ten que ser, polo tanto nada que dicir a eso, a intentar que na nosa parte resolvelo o máis rápido posible, apretar aos máximos organismos i resolvelo da mellor... coa mellor celeridad. Pero non é unha cuestión fácil que se resolva en dous meses, nin en cuatro, é unha cuestión que leva o seu tempo, claro, porque estamos falamos dun tema moi sensible, que é unha canalización de gas nunha vila como a da Estrada, entonces bueno, pois ten a súa complicación.

Sr. Santiago Puente Isla.- Vale, pues es entedible ¿y esto que puede llevar un año, dos años? ¿Eso que quiere decir, que tenemos que estar a la espera a que esto se legalice? Cuando desde el Ayuntamiento no se nos da permiso para tener otro tipo de... pues, en este caso de calefacción. Se nos dice que hay que llevar chimeneas hasta... hasta la cubierta, cuando se preguntó sobre bioenergía, que son energías renovables y que no emiten CO2. O sea, hay una serie de cuestiones que a mí me parece bien que quieran legalizar, mayor presión hagan ellos, que a costa de nosotros que legalicen todo... pero eso, yo no tengo la opción de decir bueno pues me busco la vida de otra forma para tener a mi casa y a mi familia calientes, y nos dicen que... que no, cuando la bioenergía no emite CO2. O sea, es que yo entiendo todo eso, pero también entiendo que necesito soluciones, no puedo estar así en casa porque... porque mis hijos se congelan y como mis hijos la gente mayor y demás, no se es que dirás bueno no se, no se.

Sr. Alcalde.- No, no, vamos a ver, eu ¿como non o vou a entender? Creo que á parte xa o temos falado a nivel particular este tema, i temos falado desta cuestión pero vamos a ver, o que... o que está claro é que para todo, para o bo e para o malo hai unha normativa i hai unhas leis que hai que cumprir. Eu entendo que se poida buscar a excepcionalidade, entendo que poida haber casos moi extremos, entendo que haya xente que, bueno, pero claro é que...é que o problema de sacar os fumes á fachada é que hai veciños que polo menos a min xa me trasladaron que si se fixera iso que iban a denunciar a obra, porque eles non querían que se sacaran, en caso de buscar outro tipo de combustible, veciños do propio edificio que viñeron aquí a advertir que oye coidado co que facíamos porque como se sacaran á fachada e non se sacara arriba que iba a haber problemas. Entonces vamos a ver, aquí hai que convivir todos i hai que intentar respectar unhas normas mínimas de convivencia, entonces eu o que teño que intentar, ou os técnicos polo menos, porque eu descoñecía esa situación hasta que viñeron veciños a protestar porque lle debeu de chegar algún comentario de que estaban buscando algunhas alternativas i... i eu o que teño que facer é que oye hai uns técnicos, uns técnicos municipais que teñen o seu criterio, que interpretan i que obrigan a tomar unha serie de medidas i como comprenderedes eu teño que ceñirme ao que digan os técnicos municipais. I...i...i...pois ao mellor teremos que buscar unha reunión i mirar que fórmula alternativa hai para compensar neste tempo, ¿canto tempo vai a ser?, pois eu non podoo garantir canto vai a durar un trámite administrativo pero...pero bueno, ao mellor estamos falando de que un prazo razoable... pois pode ser en torno a un ano que poida tardar de resolverse toda esta cuestión, que foi un pouco o que eu tamén lle dixen ás persoas que... que se... que falaram conmigo nesta... nesta cuestión. Máis alá deso eu me... me presto a manter unha reunión i a buscar distintas alternativas, agora, por moito que corramos i por moito que fagamos, o procedemento senón se fixo antes hai que facelo agora. I si heredamos unha cuestión que está fóra da lei pois hai que poñela na lei, i si a empresa quere poñela na lei está no seu dereito, i a administración evidentemente ten que velar pola legalidade. I polo tanto pois haberá que traballar na búsqueda dalgunha solución

alternativa i si dende o Concello se pode ofrecer algunha axuda i saber cantas son as personas que están interesadas en buscar algún mecanismo ou algún servizo, porque hasta fai dous anos o edificio tiña un servizo i estaba dotado o servizo, i segue estando entendo eu que pode seguir tendo o mesmo sistema de calefacción que tiña ata fai dous anos, pola información que teño eu. Quen abreu os ollos nunha reunión na comunidade de propietarios sobre unha nova fórmula susceptible máis barata da que había hasta aquel momento, i aí foi onde se orixinou todo este proceso, houbo xente que se deixou levar por esa situación sen saber a situación legal na que estaba, que era que, bueno, pois que Repsol non está pola labor de facer a ampliación de rede. Entonces bueno, si é certo, ao mellor pois tamén puido haber unha precipitación, eu entendo que está moi ben culpar á administración, tamén ao mellor puido haber unha precipitación das persoas que estiveron informando sobre esta cuestión sin saber si realmente era posible ou non, i paralizar o servizo que estaban tendo ata ese momento, i agora é moi fácil coller i botarlle a culpa ao Concello de que non resolve cando ao mellor as cousas había que habelas empezado por outra maneira i falar co Concello para ver si había posibilidades de facer esta actuación. Entonces, bueno, vale, está moi ben... está moi ben buscar a culpa sempre nos demais i o Concello está facendo todo o que está nas súas mans, pero bueno, ao mellor oye non... non... non se actuou dunha forma dilixente tampouco pola parte de quen pudo tomar esa decisión nese momento i mover ficha nesa dirección cando sabía ou cando supo, ou cando despois supo que non era factible porque agora mesmo non é legal, agora mesmo estamos plantando unha situación que é ilegal. Polo tanto a nadie lle pode criticar o Concello, eu si podo entender que se critique que bueno, pois que tiña que estar solucionado, agora estamos falando dunha ilegalidade i é ilegal, i si é ilegal pois temos que buscar a forma de legalizalo.

Sr. Santiago Puente Isla.- Bueno, no venimos aquí a echarle culpas a nadie, solo venimos a intentar hacer un método de presión para ver si este tema se agiliza. Respeto a lo que comentas de que, como quien dice, no nos informamos de tal, no es que no nos informáramos o es que alguien nos está usando de conejillos de indias para conseguir la legalización total de esto. Dirás no es mi problema...

Sr. Alcalde.- no, si, si, sí... si es, si es, si es, si es vuestro es mío.

Sr. Santiago Puente Isla.- En este caso de Repsol, pero entonces le dais un toque de atención a la empresa suministradora pues que dejen de andar diciendo lo que no es y de engañar. Aquí no venimos a echaros las culpas ni a vosotros ni a los gobiernos anteriores ni nada de este estilo, queremos una solución ¿que estáis metiendo presión?, bueno, venimos aquí con este motivo, porque ya llevamos mucho tiempo en esta situación y, bueno, a la espera de que "¡ah! no es que nos falta un papel, es que no se que, Repsol dice que vosotros no queréis dar la licencia, vosotros nos comentáis ahora que Repsol pide unas cosas por las cuales no podéis dar la licencia", una desinformación. Entonces, este es el motivo de estar aquí.

Sr. Alcalde.- Hombre vamos a ver...

Sr. Santiago Puente Isla.- No de echar la culpa

Sr. Alcalde.- Non, non, pero vamos a ver, os feitos están aí, ou sexa a publicación nos diarios está aí, os trámites que fixo o concello están aí, a tramitación do expediente está aí, mentres que

non houbo as... as comunicacións que se lle fixeron á compañía subministradora para que presentase documentación é un documento, é un expediente moi complexo, si queredes un día o vemos i son 15 tomos de expediente a legalización deste... deste... deste proceso. Claro, pero é un tema, si, pero claro para poder falar a veces hai que entender a cuestión i é un tema moi complexo tecnicamente i hai que buscarlle a forma. I de feito, oye, pois a persona que ata agora foi o portavoz desta situación no edificio, que está hoxe aquí i falou antes, sabe que eu, home, ao mellor é difícil facer máis presión da que eu fixen cando me puxen en contacto coa compañía para intentar resolver esta cuestión, é bastante difícil, polo menos creo que lle deixei bastante claro cal era a nosa posición i que é o que estaba a acontecer con este tema i llo dixen perfectamente claro que o entendeu, i de feito ao día seguinte estaban aquí os responsables da empresa para falar co Concello. Bueno, si oye si... si hai por detrás outras cuestións eu as desconozco, eu solo sei que a miña implicación neste tema está sendo máxima, eu lle podo garantir que pouca presión pode haber que permita agilizar máis este procedemento, o procedemento é o que é i o estamos apurando ao máximo i os feitos están aí. Osea, pois todo o que son as publicacións i os trámites realizados pois están aí para poder seguilos i para poder ver si o expediente está parado, si está tramitando, si estamos encima del, creo que é moi fácil i moi sencillo, i teñen información de primeira man para saber si é así ou non ¿non? Polo tanto eu, pois seguiremos intentando buscarlle unha... unha solución i lle podo garantir que é un tema que sei que afecta a unhas cuantas familias, i si é un problema desas familias tamén é un problema deste goberno, pois temos que buscarlle solución como... como responsables últimos desa cuestión ¿non? pero sempre da man dunha empresa privada que é a que ten que tomar a última decisión.

Moitas gracias ¿non sei se hai algunha outra cuestión? Pois agradecendo a presenza i a participación damos por rematada a sesión, moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas.

A Estrada, 6 de febreiro de 2014
A SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas